

XUNTA DE GOBERNO  
Sesión do día 29 de xullo de 2022  
-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as dez horas do día vinte e nove de xullo do ano dous mil vinte e dous, baixo a Presidencia da Ilma. Sra. Dna. M<sup>a</sup> del Carmen Silva Rego, Presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, D. Carlos López Font, D. Santos Héctor Rodríguez Díaz, D. Gorka Gómez Díaz, Dna. Noemí Outeda Prol, Dna. Ana Laura Iglesias González, Dna. Iria Lamas Salgueiro, D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo, Dna. María Ortega Iñarrea e Dna. Ana María Mejías Sacaluga co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral, e está presente o Sr. Interventor, D. Antonio Graña Gómez.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.32001.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 22 de xullo 2022.

2.32002.- CONCESIÓN DE SUBVENCIONS A CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA QUE PARTICIPAN EN COMPETICIONS FEDERADAS DE ÁMBITO INFERIOR A ESTATAL PARA O ANO 2022 (EXPTE. 2022004149)

A Deputación de Pontevedra na Xunta de Goberno de 18 de marzo de 2022 aprobou as bases reguladoras de subvencións a clubs deportivos da provincia de Pontevedra que participan en competicións de ámbito inferior a estatal para o ano 2022, dirixidas a clubs deportivos da provincia de Pontevedra que participan en competicións federadas de ámbito estatal para o ano 2022, publicadas no BOPPO n<sup>o</sup> 63 de 31/03/22, e fiscalizadas as correspondentes solicitudes pola Intervención de data 26 de xullo de 2022 e co seu informe favorable sobre existencia de consignación por un importe de 625.000,00 € (575.000,00 € para ámbito inferior a estatal e 50.000,00 € para fútbol preferente Galicia Grupo 2<sup>o</sup>) e con cargo a aplicación orzamentaria 22/340.3410.489.23 do vixente orzamento provincial, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar a concesión a 557 clubs deportivos (sendo 10 solicitudes de fútbol preferente Galicia Grupo 2<sup>o</sup> e 547 solicitudes de ámbito inferior a estatal) sen ánimo de lucro que participen en competicións federadas de ámbito inferior a estatal para o ano 2022 (programa DE\_A/22) e que figuran nas relación que se achegan cos seguintes CSV:



- Fútbol preferente Galicia Grupo 2º: WB86BM07C7RKGTKH
- Ámbito inferior a estatal: 69F8818XOQJRY6H

Excluindo deste programa un total de 2 solicitudes: unha por renunciar a súa tramitación nesta convocatoria por presentar na convocatoria de ámbito estatal e ser incompatibles e outra por documentación incompleta (certificado conta bancaria a nome do club), e que se indican co seguinte CSV: 7ENUUKX3BHBZ4RKS

3.32003.- CONCESIÓN DE SUBVENCIONS, EN CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA ACTIVIDADES DE CARÁCTER TURÍSTICO DURANTE O ANO 2022. (EXPTE. 2022004418)

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 25 de febreiro de 2022 acordou aprobar as bases reguladoras das subvencións en concorrencia competitiva para actividades de carácter turístico durante o ano 2022.

As bases reguladoras das subvencións e o extracto foron publicados no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) nº 45 de 7 de marzo de 2022 e no portal da Base de Datos Nacional de Subvencións.

O prazo de presentación de solicitudes era dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria e do extracto no BOPPO.

O 19 de xullo de 2022 o órgano instructor do procedemento emite informe ao respecto.

O 20 de xullo de 2022 Intervención emite informe favorable de fiscalización.

O 21 de xullo de 2022 a Comisión de Valoración, á vista dos antecedentes e de conformidade co informe do órgano instructor efectúa a valoración das solicitudes admitidas, previa exclusión dos beneficiarios que non cumpren cos requisitos da convocatoria.

## II. Fundamentación xurídica e técnica:

### 1. Normativa examinada:

No relativo ao réxime xurídico:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS).
- R.D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.





- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada polo Pleno da Deputación de Pontevedra na súa sesión ordinaria do 28 de outubro de 2016.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o ano 2022.

## 2. Consideracións xurídicas e técnicas:

Consta no expediente o informe do órgano instrutor do expediente sobre a valoración das solicitudes, informe favorable de Intervención sobre a mesma e informe da comisión de valoración.

## 3. Competencia:

O órgano competente para a concesión das subvencións e desestimación das solicitudes é a Xunta de Goberno, conforme ao establecido no artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais en concordancia coa base 16ª das de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o ano 2022.

## III. Proposta de acordo:

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Estimar as seguintes solicitudes e conceder as subvencións por importe total de 100.000,00€, que deberán imputarse á aplicación 22/433.4320.489.01 co detalle que figura a continuación:

NIF	NOME	ACTIVIDADE	Orzamento	Valoración	Importe asignado subvención	% Orzamento
G27867076	THE WILD	THE WILD 2022	55.644,60 €	58	5.310,28 €	9,54
G27745397	FUNDACION PARA LA PESCA Y EL MARISQUEO	ACTIVIDADES VIGO PESQUEIRO NO MARCO DE FESTIVAIS E OUTROS EVENTOS DE INTERESE TURISTICO	7.193,62 €	56	5.033,70 €	69,97



G27817444	ASOC. SOCIOCU. Y DEPORTIVA SINERGIAS 360	DESAFIO BOOT CAMP 2022	8.500,00 €	52	4.760,99 €	56,01
G36410967	ASOC ETNOGRAFICA DE CODESEDA	UNHA ALDEA NO NADAL DO CAMIÑO	7.878,50 €	46	4.211,65 €	53,46
G36688422	ORQUESTA CLASICA DE VIGO	FESTIVAL DE ORGANO 8 PES	13.000,00 €	46	4.211,65 €	32,4
G27868926	ASOC SOCIOCULTURAL Y DEPORTIVA LA 21	MEDIA MARATON DE VIGO "LA 21" 2022	8.730,00 €	46	4.211,65 €	48,24
G94146362	ASOCIACION CULTURAL CINEMATOGRAFICA DE GALICIA FICBUEU	DESCUBRINDO A VILA DE BUEU	7.860,00 €	45	4.120,09 €	52,42
G27865252	IDILICAMENTE	DESCUBRE AS RIAS BAIXAS	10.040,00 €	44	4.028,53 €	40,12
G94163144	ASOC DE ALFOMBRISTAS DO CORPUS CHRISTI DE PONTEAREAS	PROMOCIÓN DA FESTA DO CORPUS CHRISTI DE PONTEAREAS	13.200,00 €	42	3.845,42 €	29,13
G36361434	ASOC AMIGOS DO MUSEO CASA DO PATRON	XXIII MALLA TRADICIONAL	7.914,80 €	42	3.845,42 €	48,59
G36597201	ASOCIACION RUTA DO VIÑO RIAS BAIXAS	PROMOCION DE LA ENOGASTRONOMIA 2022	38.597,02 €	38	3.479,19 €	9,01
G36032498	ASOC DE EMPRESARIOS GROVENSES DE BENS E SERVICIOS	PLAN GLOBAL DE DESESTACIONALIZACION DO TURISMO DO CONCELLO DE O GROVE	15.990,00 €	37	3.387,63 €	21,19
G36022572	CIRCULO CULTURAL DEPORTIVO SANXENXO	XV TORNEO INTERNACIONAL DE TENIS CADETE	21.820,00 €	35	3.204,51 €	14,69
G36452837	ASOCIACION DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE VONTADE	RIO MIÑO, MARCA INCLUSIVA	9.521,24 €	34	3.112,96 €	32,69
G36614907	FEDERACION EMPRESARIOS DE HOSTELERIA	CONCURSO DE TAPAS DE VIGO: PETISQUIÑO	8.686,78 €	34	3.112,96 €	35,84
G36027928	ASOCIACION AGRUPACION MUSICAL DO ROSAL	O ROSAL CAMARA FEST	6.312,20 €	34	3.112,96 €	49,32
G36623346	MONTE REAL CLUB DE YATES DE BAIONA	47º TROFEO CONDE DE GONDOMAR	16.151,00 €	33	3.021,40 €	18,71





G36850014	PRADO SURF CLUBE	MEU CAMIÑO, TEU CAMIÑO	24.000,00 €	32	2.929,84 €	12,21
G94153053	ASOCIACIÓN PARA EL DESARROLLO EDUCATIVO Y CULTURAL	CURSO BIODIVERSIDAD Y EMPLEO-SECTOR TURISMO	6.700,00 €	30	2.746,73 €	41
G36907244	FUNDACION CARLOS CASARES	ITINERANCIA EXPOSICION "GALICIA ESCANDINAVA. O CAMIÑO DO OESTE A SANTIAGO DE COMPOSTELA"	2.854,40 €	30	1.950,00 €	68,32
G94164167	ASOCIACION CULTURAL DE EMBARCACIONES TRADICIONAIS PIUEIRO	TURISMO MARIÑEIRO NO SUR DE PONTEVEDRA	13.174,00 €	30	2.746,73 €	20,85
F27881416	13 GRADOS SDAD COOP GALEGA	NOITES DE MERGULLO	7.804,50 €	29	2.655,17 €	34,02
G36612752	REAL CLUB NAUTICO DE VIGO	XXIII SEMANA DEL ATLÁNTICO CIUDAD DE VIGO - MEETING INTERNACIONAL DE OPTIMIST	26.448,40 €	29	2.655,17 €	10,04
G94157708	ASOC MARISCADORAS DE CARRIL AMARCARRIL	TALLERES DE MARISQUEO E VISITAS GUIADAS ILLA CORTEGADA NO MARCO DA FESTA DA AMEIXA CARRIL	3.448,50 €	28	2.413,95 €	70
G36597292	A ROSA DOS VENTOS-MOTOCUB	CONCENTRACION MOTEIRA ANUAL POIO 2022	35.906,64 €	27	2.472,05 €	6,88
G67748673	ASOCIACION NAUTICA NAVEGAS	ACTIVIDADES TURISTICO_DIVULGATIVAS	6.975,00 €	27	2.472,05 €	35,44
G36196954	ASOC CULTURAL AMIGOS DEL CAMINO PORTUGUES	EXPOSICION ITINERANTE "CAMIÑOS: O CAMIÑO E AS ARTES"	9.023,50 €	26	2.380,50 €	26,38
G36164689	ASOCIACION RAPA DAS BESTAS DE SABUCEDO	EXPOSICION SABUCEDO O SENTIR DUN POBO	5.747,50 €	25	2.288,94 €	39,82
G27870443	ASOC RIA DE VIGO DE ENTIDADES NAUTICAS	HISTORIA MARIÑEIRA DA RIA DE VIGO	8.138,46 €	25	2.288,94 €	28,12
G36637890	CLUB MONTAÑEIRO CELTAS	NATURALEZA E CULTURA CASTREXA	2.700,00 €	25	1.700,00 €	62,96
G36397669	PIRAGUISMO PORTONOVO	IV FESTA DA EMPANADA MARIÑEIRA	10.023,50 €	25	2.288,94 €	22,84



2. Desestimar ou ter por desistidas as seguintes solicitudes:

NIF	NOME	ASUNTO	PUNTUACIÓN	MOTIVO DE EXCLUSIÓN
R3600428A	COORDINADORA DE COFRADIAS DE LA SEMANA SANTA DE CANGAS DO MORRAZO	33 CONGRESO NACIONAL DE COFRADIAS DA SEMANA SANTA	Sen valorar	Non emendar a solicitude (art. 23.5 LXS)
G09723636	IMUA PADDLE SURF CLUB AGUETE	ORGANIZACION ACTIVIDADES PLAYA DE AGUETE YOGA SURF	Sen valorar	Non emendar a solicitude (art. 23.5 LXS)
G27796903	ASOCIACION CULTURAL RECREATIVA Y FOLCLORICA FUSIONARTE	VIGO FLAMENCO	Sen valorar	Non emendar a solicitude (art. 23.5 LXS)
G09630112	ASOC DE BAILARINES BALLET DE MARIN	EVENTOS DANZA BAILARINES BALLET DE GALICIA	Sen valorar	O obxecto non é unha actividade turística (art. 2 bases reguladoras das subvencións)
36 [REDACTED] 8L	IVAN PEREZ GANDARAS LACARCEL	RUTAS TURISTICO DIVULGATIVAS	Sen valorar	O solicitante non é persoa xurídica (art. 3 bases reguladoras das subvencións)
76*****3B	ADRIAN COTO COUCEIRO	CREACIÓN DE AXENCIA DE VIAXES ONLINE ORBALLADA	Sen valorar	O solicitante non é persoa xurídica. A actuación constitúe un investimento (arts. 2 e 3 bases reguladoras das subvencións)
	ASOCIACION DE AMIGOS DO CAMIÑO DA GEIRA E DOS ARRIEIRO	EXPOSICION ITINERANTE PARA A PROMOCION DO CAMIÑO DA GEIRA E DOS ARRIEIRO	Sen valorar	Non emendar a solicitude (art. 23.5 LXS)
G36027621	CLUB NAUTICO DE SANXENXO	REGATA REY JUAN CARLOS I	Sen valorar	Non emendar a solicitude (art. 23.5 LXS)
G94095965	ASOC. CULTURAL GALICIA HISTORICA	EXPOSICION ITINERANTE	Sen valorar	Non emendar a solicitude (art. 23.5 LXS)





G36516714	ASOCIACIÓN DE PANADEIROS DO PORRIÑO	FESTA DO PAN DO PORRIÑO	Sen valorar	Non emendar a solicitude (art. 23.5 LXS)
G94020856	ASOCIACIÓN CULTURAL E ETNOGRÁFICA SAN CIBRÁN	PROMOCION RECURSOS TURISTICOS DE MOURISCADOS. NATUREZA, PATRIMONIO, TRADICIONS POPULARES	Sen valorar	Non acreditar a representación (art. 5 LPAC)
G94076437	ASOCIACION XUVENTUDES MUSICAIS EIXO ATLANTICO	MUSICA EN IBERIA	21	Non acadar a puntuación mínima (25 puntos)
G36980670	FUNDACION CEO CIENCIA Y CULTURA	TURISMO ASTRONÓMICO	19	Non acadar a puntuación mínima (25 puntos)
G27726546	ASOC CULTURAL VIAXAMOS NO TEMPO	ARDE O PAZO, MOS-1809	19	Non acadar a puntuación mínima (25 puntos)
G94110996	MOTOCLUB VFM	TROFEO IBERICO DE SUPERMOTO	18	Non acadar a puntuación mínima (25 puntos)
G94187473	ASOC CULTURAL DE MULLERES E HOMES DO MAR DE CESANTES	TURISMO MARAULAS	18	Non acadar a puntuación mínima (25 puntos)
G36324523	ASOCIACION JUVENIL SARAIVA DO MAR	DIVERSIÓN EN INGLÉS	14	Non acadar a puntuación mínima (25 puntos)
G36632081	ASOCIACION DE VECIÑOS DE BEADE AVCU-CSCR	FEIRA-FESTA DA CEREIXA	12	Non acadar a puntuación mínima (25 puntos)
G94002078	PONTEVEDRA RUGBY CLUB	DA RIA: I MOSTRA DOS RECURSOS DA RIA DE PONTEVEDRA: TURISMO-GASTRONOMIA-OCIO E CULTURA	11	Non acadar a puntuación mínima (25 puntos)
G01857820	ASOCIACION VIÑO ACTIVO	VIÑOCONCERTOS	9	Non acadar a puntuación mínima (25 puntos)
G94021888	ASOCIACIÓN PARA A PROMOCIÓN TURÍSTICA DO MORRAZO	DIFUSIÓN DO PATRIMONIO INMATERIAL NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA	7	Non acadar a puntuación mínima (25 puntos)



4.32004.- CONCESIÓN DE SUBVENCIONES DIRIXIDAS ÁS ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA O FOMENTO DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES E A LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO PARA O ANO 2022 (EXPT. 2022003026)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra na sesión ordinaria do día 11 de marzo de 2022, aprobou as bases reguladoras da convocatoria de subvencións dirixidas ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para o fomento da igualdade de oportunidade e a loita contra a violencia de xénero para o ano 2022.

Resultando que as bases reguladoras destas subvencións foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número 53, de 17 de marzo de 2022, e as entidades interesadas nestas subvencións dispuxeron de un prazo para presentación de solicitudes ata o día 18 de abril de 2022.

Resultando que unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes e feitos os requirimentos de documentación e as valoracións das solicitudes, a xefa do Servizo de Igualdade emite Informe-proposta que se remítese xunto cos expedientes a Intervención.

Resultando que con data 18 de xullo de 2022, Intervención emite informe favorable sobre a tramitación do expediente de concesión das 47 solicitudes admitidas á convocatoria de subvencións ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para o fomento da igualdade de oportunidade e a loita contra a violencia de xénero para o ano 2022, e deixa constancia da existencia de crédito dispoñible para facer fronte a este gasto por importe de 108.000,00 euros con cargo a aplicación orzamentaria 22/250.2315.480.01, en onde existe crédito autorizado (A n° 202200057003).

Resultando que o día 19 de xullo réunese a comisión de valoración para estudar os 52 expedientes presentados á convocatoria, admitíndose un total de corenta e tres (43) solicitudes e, nove das solicitudes desestimáronse por non cumprir algún dos requisitos establecidos nas bases da convocatoria.

Considerando que o órgano competente para a autorización e disposición deste gasto é a Xunta de Goberno, de conformidade co estipulado na base décima quinta da convocatoria destas subvencións, así como na Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra e a base 16.2 de execución do vixente orzamento provincial.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- A concesión de subvencións dirixidas ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para o fomento da igualdade de oportunidade e a loita contra a violencia de xénero para o ano 2022, a favor das 43 entidades





que a continuación se relacionan, por importe global de 108.000 euros con cargo a aplicación orzamentaria 22/250.2315.480.01, do vixente orzamento provincial, de acordo co seguinte detalle:

	Concello	Cód. expediente	NIF/CIF	Terceiro estendido	Obxecto subvención	Importe asignado
1	Cambados	2022023347	G15656762	Asociación para a Promoción e Integración das Mulleres Galegas do Rural -AGRA	Prostitución: violencia machista extrema	3.222,62 €
2	Cangas	2022025826	G36380301	Asoc Diagnosticados de Cancro de Mama - ADICAM	Prevención e loita contra o linfedema 2022	3.222,62 €
3	Cangas	2022019990	G36100071	Asoc de Pais e Nais de Persoas con Discapacidade Psíquica (ASPAMSIM)	Igualdade en ASPAMSIM	2.198,97 €
4	Cangas	2022017862	G94017704	Asoc O Son do Pobo	Apoio, asesoramento, formación e integración laboral de mulleres en risco de exclusión social	2.578,10 €
5	Crecente	2022026814	R3600113I	Colegio Ntra Sra de Fátima en Crecente Esclavas de la Virgen Dolorosa	A muller que fun, a que son e a que serei	2.312,71 €
6	Cuntis	2022026792	G94054889	Rede Galega pola Igualdade	Feminismo reflexión e acción	3.070,97 €
7	Estrada, A	2022026923	G36218220	Asociación Mulleres Rurais Avelina Valladares	aprende e emprende. o emprendemento en feminino	1.857,75 €
8	Estrada, A	2022026766	G27023951	Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas	Creando a nosa axenda feminista	2.161,05 €



9	Lalín	2022025858	G70370119	Asoc. Puntodelas-Secretaria das Mulleres	Xestionando as nosas vidas	2.274,79 €
10	Marín	2022023207	G94088549	Asoc pola Igualdade e a Coeducación	Programa Apico 2022: plan de loita, informacion e apoio integral para as mulleres con vulnerabilidade	2.085,23 €
11	Pontevedra	2022026913	G94176740	Asociación de Mujeres en el Sector Publico	Contalo para contar	2.274,79 €
12	Pontevedra	2022024016	G36164887	Down Pontevedra Xuntos Asoc Síndrome de Down	A igualdade das mulleres desde o plano sexual e afectivo: "Emociónate"	3.070,97 €
13	Pontevedra	2022026930	G36020691	Asociación Provincial Amas de Casa y Consumidores Rias Baixas	Escola de empoderamento da muller	1.781,92 €
14	Pontevedra	2022026938	G94200326	Federación pola Igualdade das Mulleres da Provincia de Pontevedra	Campaña de prevención da violencia de xénero na adolescencia	2.843,49 €
15	Pontevedra	2022025838	R1500053B	Caritas Diocesana de Santiago	Axudas a mulleres soas en exclusión social ou con cargas familiares	2.312,71 €
16	Pontevedra	2022025821	G28197564	Asociación Española contra el Cáncer	Moito por gañar: programa de modificación de hábitos e recuperación psicofísica da muller	2.881,40 €
17	Pontevedra	2022026900	G94153053	Asociación para el Desarrollo Educativo y Cultural	Seminario: la igualdad en la cultura y el arte - perspectiva colect. con dist. capacidades	1.706,09 €





18	Silleda	2022018209	G36527745	Asociación para o Desenvolvemento Social da Comarca do Deza	Pensa en ti sempre 2022	2.957,23 €
19	Tui	2022026937	G94194701	Asoc de Mulleres en Igualdade de Tui	redes de igualdade: difusión feminismo + linguaxe non sexista	2.653,92 €
20	Vigo	2022023355	G36627453	Asoc Viguesa de Alcoholoxia ASVIDAL	Proxecto Nos Mesmas 2022	2.464,36 €
21	Vigo	2022026802	G01796184	Asociación Mulleres e Palabras	Sororidade, a nosa resposta ante as violencias machistas	1.032,00 €
22	Vigo	2022026856	G15068091	Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia	Abrindo portas ás mulleres xordas de Pontevedra	3.070,97 €
23	Vigo	2022026914	G27753367	Fundación Formavigo	Busca da igualdade real nas empresas de Pontevedra	1.933,57 €
24	Vigo	2022026921	G36617082	Asociación Centro Cultural Artístico e Recreativo Valladares	Punto de atención a mulleres vulnerables (socialmente)	2.426,44 €
25	Vigo	2022024019	G36776920	Asoc de Familiares de Enfermos de Alzheimer y otras Demencias de Galicia	Ó teu carón-acompañamento interdisciplinario a mulleres coidadoras	2.957,23 €
26	Vigo	2022026785	G27852532	Asoc. Pavegal	Pavegal Inserta	2.198,97 €
27	Vigo	2022025823	G27727593	Asoc Acción Solidaria Galicia (Asdegal)	Mulleres deixando pegadas - Pontevedra	2.691,84 €
28	Vigo	2022022616	G36861078	Fundación Erguete-Integración	Proxecto Dana	2.616,01 €



29	Vigo	2022025843	G32115941	Confederación Galega de Persoas con Discapacidade	Activando o rural - o empoderamento das mulleres con discapacidade	2.881,40 €
30	Vigo	2022026859	G27783950	Asoc Diversidades	Donas da cidade 2022	3.033,06 €
31	Vigo	2022026912	G36837433	Asociación Mulleres Pedra da Vella	De nós, por nós e para tod@S	2.843,49 €
32	Vigo	2022026907	G27826999	Asociación de Empresarias de Galicia	Foro de la mujer 2022	2.198,97 €
33	Vigo	2022024021	G24452435	Fundación Juan Soñador	Itinerarios e espazo de encontro mulleres	2.502,27 €
34	Vigo	2022026775	F67875781	A Morada Nosa Sociedade Coop Galega	Grupo de mulleres con diversidade funcional na morada	660,00 €
35	Vigo	2022026780	G36642726	Asoc de Ayuda a los Toxicómanos Érguete	É-Muller	2.995,14 €
36	Vigo	2022025847	G36697324	Down Vigo Asoc para el Síndrome De Down	Muller: educación para a saúde	2.805,58 €
37	Vigo	2022025851	G70223417	Asoc de Mulleres con Discapacidade Galicia	Mochilas Lilas: programa para a prevención da violencia de xénero	2.881,40 €
38	Vigo	2022025853	G27866763	Fundación Impulsa para el Desarrollo del Empleo y la Integración Social	Proxecto Gaia III	3.108,88 €
39	Vigo	2022025856	G36797579	Fundación Cume para el Desarrollo de Culturas y Pueblos	Cume atención integral a mulleres inmigrantes e refuxiadas (Proxecto Catimir)	2.767,66 €
40	Vigo	2022023381	G15784978	Instituto Galego Xestión para o Terceiro Sector	Programa formativo de prevención da vdx: a nova pornografía e cambios"	2.919,32 €



41	Vilagarcía de Arousa	2022026798	G94133907	Asoc O Soño de Lilith	X Aniversario. Unha década camiñando xuntas	2.350,00 €
42	Vilagarcía de Arousa	2022026770	G15859911	Fundación Amigos de Galicia	Recursos integrais para mulleres situación de vulnerabilidade con singulares dificultades	2.995,14 €
43	Vilagarcía de Arousa	2022026905	G94159670	Asoc para o Desenvolvemento Integral e a Promoción Social Siéntete Bien	Ciclo de obradoiros vivenciais "Tempo de coidarme"	2.198,97 €

2.- Desestimar as solicitudes das seguintes entidades por non cumprir os requisitos recollidos nas bases reguladoras da convocatoria:

- Asociación Veciñal de Fragas (CIF: G94001666)
- Asociación de Mujeres Rurales Consumidoras e Culturais A Xuntanza (CIF:G36212710)
- Asociación Cultural Quinta do Piñeiro (CIF: G94052404)
- Club Rotario de Pontevedra (CIF: G36145092)
- Asociación Jóvenes Empresarios de Pontevedra (CIF: G36105245)
- Asociación TRANS Miño (CIF: G94196516)
- Asociación de Maiores de Pontearreas (CIF: G36341113)
- Asociación Agraria de Galicia (CIF: G94114675)
- Asociación Mulleres Rurais Os Borrizos de Cornazo (CIF: G36228054)

5.32005.- CONCESIÓN DE SUBVENCIONS DIRIXIDAS A CONCELLOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA DE MENOS DE 20.000 HABITANTES PARA O FOMENTO DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES E A PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO PARA O ANO 2022 (EXPTE. 2022003022)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra na sesión ordinaria do día 11 de marzo de 2022, aprobou as bases reguladoras da convocatoria de subvencións dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra de menos de 20.000 habitantes para o fomento da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia de xénero para o ano 2022.





Resultando que as bases reguladoras destas subvencións e o Extracto das bases da convocatoria foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) número 53 de data 17 de marzo de 2022, os concellos interesados nestas subvencións dispuxeron de un prazo para presentación de solicitudes ata o día 18 de abril de 2022.

Resultando que unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes e feitos os requirimentos de documentación e as valoracións das solicitudes, a xefa do Servizo de Igualdade emite Informe-proposta, que se remite a Intervención, na que especifica que as solicitudes de 50 concellos compren os requisitos establecidos nas bases da presente convocatoria e un concello (Illa de Arousa) non contesta ao requerimento de subsanación de documentación.

Resultando que con data 21 de xullo de 2022 dende Intervención emiten informe favorable sobre a tramitación do expediente de concesión das 50 solicitudes admitidas á convocatoria de subvencións dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra de menos de 20.000 habitantes para o fomento da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia de xénero para o ano 2022, e deixa constancia da existencia de crédito retido para facer fronte a este gasto por importe de 230.000,00 euros con cargo a aplicación orzamentaria 22/250.2315.462.01, en onde existe crédito retido no documento "A" número 202200046788.

Resultando que o día 21 de xullo réunese a comisión de valoración para estudar os expedientes dos concellos presentados á convocatoria, admitíndose un total de cincuenta (50) solicitudes.

Considerando que o órgano competente para a autorización e disposición deste gasto é a Xunta de Goberno, de conformidade co estipulado na base décimo cuarta da convocatoria destas subvencións, así como na Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra e a base 16.2 de execución do vixente orzamento provincial.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- A concesión de subvencións dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra de menos de 20.000 habitantes para o fomento da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia de xénero para o ano 2022, a favor dos 50 concellos que a continuación se relacionan, por importe global de 230.000,00 euros con cargo a aplicación orzamentaria 22/250.2315.462.01, do vixente orzamento provincial, de acordo co seguinte detalle:

	Cód. expediente	NIF/CIF	Terceiro estendido	Obxecto subvención	Importe asignado
1	2022019804	P3600900I	CONCELLO DE A CAÑIZA	VIOLETAS 2022	5.140,53 €
2	2022023428	P3602300J	CONCELLO DE A GUARDA	PROXECTO IGUALANDO 2022	5.245,27 €



3	2022017870	P3602500E	CONCELLO DE A LAMA	FOMENTO DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES E PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO 2022	5.318,12 €
4	2022023398	P3602000F	CONCELLO DE AGOLADA	DESENVOLVEMENTO E VISIBILIZACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS NO I PLAN DE IGUALDADE 2ªEDICIÓN	4.443,91 €
5	2022021560	P3600100F	CONCELLO DE ARBO	I CARREIRA POLA IGUALDADE	4.371,05 €
6	2022023179	P3603400G	CONCELLO DE AS NEVES	SENSIBILIZACIÓN PARA O FOMENTO DA IGUALDADE E A ERRADICACIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO	4.225,35 €
7	2022021485	P3600300B	CONCELLO DE BAIONA	ELAS EMPRENDEN. GALERÍA DE PROPOSTAS	5.977,40 €
8	2022019034	P3600200D	CONCELLO DE BARRO	ESPAZOS DE LECER 2022 - CONCILIA	3.715,40 €
9	2022023415	P3600400J	CONCELLO DE BUEU	CONTACONTOS FEMINISTA E PERFORMANCE "A ÚLTIMA CEA"	4.006,80 €
10	2022022653	P3600500G	CONCELLO DE CALDAS DE REIS	CALDAS: + IGUALDADE - VIOLENCIA 2022	5.973,77 €
11	2022019991	P3600600E	CONCELLO DE CAMBADOS	PROGRAMA DE FOMENTO DA IGUALDADE E CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO 2022	4.152,50 €



12	2022024011	P3600700C	CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO	PROGRAMA CONCILIA + 2022	4.006,80 €
13	2022019994	P3601000G	CONCELLO DE CATOIRA	PROGRAMA DE SENSIBILIZACIÓN E PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO NO CONCELLO DE CATOIRA	3.933,95 €
14	2022023349	P3600048G	CONCELLO DE CERDEDO COTOBADE	FOMENTO DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES E A PREVENCIÓN DA VDX	2.914,04 €
15	2022023970	P3601300A	CONCELLO DE COVELO	PROXECTO DE AVALIACIÓN DO II PLAN DE IGUALDADE E ELABORACIÓN DO III PLAN IGUALDADE COVELO	4.589,61 €
16	2022023927	P3601400I	CONCELLO DE CRECENTE	DIFUSIÓN PLAN IGUALDADE	4.152,50 €
17	2022019016	P3601500F	CONCELLO DE CUNTIS	CUNTIS CONSTRUÍNDO IGUALDADE	5.172,41 €
18	2022025719	P3601600D	CONCELLO DE DOZON	PLAN DE IGUALDADE PARA O CONCELLO DE DOZÓN	3.788,25 €
19	2022023954	P3601800J	CONCELLO DE FORCAREI	PROXECTO NON Á FENDA DIXITAL NO RURAL	3.642,55 €
20	2022024008	P3601900H	CONCELLO DE FORNELOS DE MONTES	PROXECTO DE IGUALDADE PARA A INCLUSIÓN SOCIAL 2022 "INSERTA VII"	4.443,91 €
21	2022018149	P3602100D	CONCELLO DE GONDOMAR	FORMACIÓN EN LIÑA	4.225,35 €





22	2022023409	P3602700A	CONCELLO DE MEAÑO	IGUAIS NO DEPORTE NO CONCELLO DE MEAÑO 2022	3.075,00 €
23	2022023904	P3602800I	CONCELLO DE MEIS	LUDOTECA DE VERÁN "LUDOMEIS 2022"	4.808,16 €
24	2022018227	P3602900G	CONCELLO DE MOAÑA	EDUCAR EN IGUALDADE: ESCOLA DE FAMILIAS, SENTIR E PENSAR	6.000,00 €
25	2022024535	P3603000E	CONCELLO DE MONDARIZ	SEMENTANDO IGUALDADE 2022	4.516,76 €
26	2022023949	P3603100C	CONCELLO DE MONDARIZ BALNEARIO	FOMENTO DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES E A PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO	4.735,31 €
27	2022023908	P3603200A	CONCELLO DE MORAÑA	PROGRAMA INTERXERACIONAL DE FOMENTO DA IGUALDADE NO CONCELLO DE MORAÑA	5.172,41 €
28	2022024481	P3603300I	CONCELLO DE MOS	OBRADOIRO TEATRO NA IGUALDADE	5.390,97 €
29	2022022005	P3603500D	CONCELLO DE NIGRAN	CAMPAMENTO DE VERÁN 2022	4.953,86 €
30	2022024542	P3602200B	CONCELLO DE O GROVE	EDUCANDO EMOCIÓN. PROGRAMA DE EDUCACIÓN EMOCIONAL PARA A PREVENCIÓN DA VDX	5.172,41 €
31	2022023427	P3604800G	CONCELLO DE O ROSAL	PROXECTO AUDIOVISUAL ENREDE O ROSAL 2022	4.662,46 €



32	2022023375	P3603600B	CONCELLO DE OIA	IGUALDADE COS BOLECHAS	2.691,00 €
33	2022023986	P3603700J	CONCELLO DE PAZOS DE BORBEN	DIFUSION DO II PLAN MUNICIPAL DE IGUALDADE, ACCIONS FORMATIVAS E MANUAL LINGUAXE INCLUSIVA	4.525,40 €
34	2022019003	P3604100B	CONCELLO DE POIO	ESPAZO EMPODERA	3.900,00 €
35	2022018187	P3604300H	CONCELLO DE PONTE-CALDELAS	PROGRAMA CAPACITADAS, 3ª EDICIÓN	5.099,56 €
36	2022022671	P3604400F	CONCELLO DE PONTECESURES	PROGRAMA TRANSVERSAL DE IGUALDADE E CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO PONTECESURES	4.516,76 €
37	2022020602	P3604000D	CONCELLO DE PORTAS	CAMIÑANDO XUNT@S 2022	4.079,65 €
38	2022024541	P3604600A	CONCELLO DE RIBADUMIA	SERVIZO DE CONCILIACIÓN ESCOLA DE OCIO VERÁN 2022 CONCELLO DE RIBADUMIA	4.371,05 €
39	2022024533	P3604700I	CONCELLO DE RODEIRO	EQUAL-CAMBA 2022	4.662,46 €
40	2022023997	P3604900E	CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS	II EDICIÓN DO PROGRAMA DIANA	5.099,56 €
41	2022023419	P3605000C	CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO	CAMPAMENTO DE CONCILIACIÓN DE VERÁN 2022	3.132,59 €



42	2022018200	P3605100A	CONCELLO DE SANXENXO	QUÉREME MENOS, QUÉREME MELLOR. EDUCACIÓN AFECTIVO-SEXUAL CONTRA AS VIOLENCIAS MACHISTAS	5.172,41 €
43	2022023100	P3605200I	CONCELLO DE SILLEDA	PROXECTO MÁIS VIOLETA 2022 CONCELLO DE SILLEDA	5.973,78 €
44	2022018215	P3605300G	CONCELLO DE SOUTOMAIOR	PROXECTO TRÁNSITOS	6.000,00 €
45	2022024022	P3605400E	CONCELLO DE TOMIÑO	PROGRAMA ACCIÓNS CULTURAL E EDUCATIVAS PARA SENS. EN IGUALDADE E PREVENCIÓN VIOL.	5.245,27 €
46	2022020569	P3605500B	CONCELLO DE TUI	II EDICIÓ PROGRAMA MARUXA MALLO	4.953,86 €
47	2022022702	P3605600J	CONCELLO DE VALGA	REDES EN FEMININO: PROXECTO DE INTERVENCIÓ E PREVENCIÓ CON MULLERES EN ESPECIAL VULN.	4.006,80 €
48	2022018169	P3605900D	CONCELLO DE VILA DE CRUCES	DESENVOLVEMENTO E VISIBILIZACIÓ DAS MEDIDAS PROPOSTAS NO IV PLAN MUNICIPAL DE IGUALDADE	5.390,97 €
49	2022023369	P3605800F	CONCELLO DE VILABOA	II PLAN DE IGUALDADE DA CIDADANÍA DE VILABOA E DIFUSIÓ	4.589,61 €





50	2022024486	P3606100J	CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA	PROGRAMA TRANSVERSAL DE FOMENTO DA IGUALDADE E CONTRA A VDX	4.662,46 €
----	------------	-----------	--------------------------------	---	------------

2. Desestimar a solicitude do Concello de A Illa de Arousa (CIF: P8600004I).

6.32006.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE A GUARDA, NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023 LIÑA 1 – INVESTIMENTOS, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “URBANIZACIÓN DA PROLONGACIÓN DA RÚA BAIXO MURO E A SÚA CONEXIÓN COA RÚA IREIRA” (EXPTE. 2022011582)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.

Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.

O Plan Concellos 2022-2023 mantendo o procedemento de concorrencia non competitiva e as tres liñas mestras como en anos anteriores, na Liña 1 Investimentos dótase de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2022 e de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2023, con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/942.9425.762.45 e 23/942-9425-762.45 (Plan Concellos 22-23).

Mediante Resolución Presidencial nº 2021007177 de data 03/12/2021 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto a cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2022 e no exercicio 2023, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial na data de publicación das Bases Reguladoras. Esta comunicación ten por obxectivo que as referidas débedas se abonen antes de que se presenten as solicitudes ao abeiro do Plan Concellos, de xeito que no caso de non terse producido o pagamento, a Deputación de oficio procede á detracción por compensación dos importes debidos, ata extinguir a súa totalidade sobre a cantidade asignada ao exercicio 2022. A contía que resulta despois da detracción de oficio, se reparte entre as tres Liñas subvencionables de acordo coa porcentaxe fixada na Base Reguladora 5ª.



O Plan Concellos aínda que sexa un instrumento de planificación provincial, segue a respectar e garantir a autonomía local xacando no exercicio 2022, lle corresponde a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. No exercicio 2023, a contía asignada a cada concello destinarase integramente ao financiamento de investimentos, xa que esta cantidade non se pode aplicar ao financiamento das liñas 2 e 3. Sen prexuízo de realizar investimentos de carácter plurianual a través dos dous exercicios 2022 e 2023 consonte a lexislación orzamentaria.

De acordo coa Base Reguladora 8ª do Plan Concellos 2022-2023, a Liña 1 é de Investimentos, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmoebles e propiedade inmaterial (plans urbanísticos, estudos de planificación estratéxica, plans de mobilidade sostible ...) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.

No marco da citada competencia municipal, a Deputación de Pontevedra tamén é consecuente cos novos postulados dos tempos actuais que lle tocan vivir tanto a cidadanía como ás administracións locais. Emporiso este Plan Concellos non só fai de interacción co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, senón que tamén contribúe e favorece a observancia do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente recollido no artigo 17 do Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020, relativo ás inversións sostibles, e que é de aplicación á todos os plans.

En data 28/02/2022 por rexistro WEB2022010223 dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, petición do *concello de A Guarda* na que solicita con cargo a cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 107.594,80 euros, con destino ao financiamento “*Urbanización da prolongación da Rúa Baixo Muro e a súa conexión coa Rúa Ireira*”, cun orzamento polo mesmo importe, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS	FONDOS PROPIOS
2022	70.799,20	70.799,20	0,00	0,00
2023	36.795,60	36.795,60	0,00	0,00
TOTAL	107.594,80	107.594,80	0,00	0,00

En datas posteriores o *Concello* emenda a documentación de índole técnica para atender os requirimentos de supervisión como paso previo á concesión.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 e achega a documentación requirida, agás no relativo á dispoñibilidade dos terreos necesarios para a normal execución do investimento por estar pendente, no momento





de presentación da solicitude de subvención, a obtención da titularidade dominical dunha pequena parcela mediante procedemento de expropiación forzosa e ademais a autorización sectorial da Consellería de Educación, Cultura e Universidade.

Fundamentación xurídica:

Normativa examinada.

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, no cal se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

Consideracións xurídicas:

Instrución do expediente:

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de intervención.





#### Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.

#### Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª 7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª 1 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.



Da xestión en cernes do ciclo da auga:

- Tanto no momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 como no de concesión individual de cadansúa das peticións de subvención ao abeiro do mesmo, continúa pendente a tramitación da lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Unha vez que este texto legal se converta en dereito positivo, sucederá que lle sobrevirán distintos convenios ou instrumentos de colaboración, que distribuirán as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que se interesen polo seu asinamento, amais da propia Deputación Provincial.
- De terse subscrito algún daqueles instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado haberá de comunicalo a Deputación para esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no Plan Concellos 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá re-utilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de cooperación.
- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do enxeñeiro xefe do servizo de Cooperación, de data 13/07/2022, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 26/07/2022, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 26/07/2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de A Guarda* CIF P3602300J a cantidade de 107.594,80 euros, con destino ao financiamento do investimento "*Urbanización da prolongación da Rúa Baixo Muro e a súa conexión coa Rúa Ireira*", (expediente: 2022011582) cun orzamento polo mesmo importe, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS	FONDOS PROPIOS
2022	70.799,20	70.799,20	0,00	0,00
2023	36.795,60	36.795,60	0,00	0,00
TOTAL	107.594,80	107.594,80	0,00	0,00





- A presente concesión queda condicionada á resolución favorable da Consellería de Educación, Cultura e Universidade, sendo imprescindible que o *Concello* remita a devandita autorización xunto coa primeira xustificación da axuda económica e á efectiva consignación do importe do xustiprezo da parcela adquirida mediante procedemento de expropiación forzosa.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2022/942.9425.762.45 e 2023/942-9425-765.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- Ase mesmo, e de ser o caso, de acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-23 o *concello de A Guarda* deberá comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde da súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga, para poder iniciar así a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2022-203, aprobadas polo acordo plenario de 26 de novembro de 2021 e publicadas no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Asemade, ao abeiro da Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-23, o investimento incluído na anualidade 2022, deberá estar executado o 31 de decembro de 2023 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2024, e o incluído na anualidade 2023, executado o 31 de decembro de 2024 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de A Guarda*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

7.32007.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE PONTE CALDELAS, NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023 LIÑA 1 – INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2022), CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “ENSANCHE DUN VIARIO MUNICIPAL EN A INSUA” (EXPTE. 2022011127)

Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.





Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.

A igualdade como dereito está recollida na Constitución Española, nos artigos 9.2 e 14 e, tamén na Lei Orgánica 1/1981, de 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia. Ambas normas sinalan que os poderes públicos teñen a obriga de promover as condicións para que a liberdade e a igualdade das persoas sexan reais e efectivas.

No artigo 1.1 da Constitución Española de 1978 reconece como valor superior do seu ordenamento xurídico, a igualdade. Así mesmo, no seu artigo 9.2, recolle que os poderes públicos teñen o deber de promover as condicións para que a liberdade e a igualdade das persoas sexan reais e efectivas.

A Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, constitúese como o marco xurídico e legal da igualdade de xénero para todo o Estado español. Establece principios de actuación dos Poderes Públicos, regula dereitos e deberes das persoas físicas e xurídicas, tanto públicas como privadas, e prevé medidas destinadas a eliminar e corrixir nos sectores público e privado, toda forma de discriminación por razón de sexo.

No ámbito competencial local, o artigo 36.1 d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de réxime local, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial. Nesta liña, no artigo 109.1 d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determináanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

A consecución da igualdade real e efectiva de mulleres e homes en todos os ámbitos da vida social, política, económica e cultural e, a loita contra a violencia de xénero constitúense como unhas das principais liñas estratéxicas de actuación da Deputación de Pontevedra que impulsa a través do Servizo de Igualdade.

Neste marco, dende o Servizo de Igualdade da Deputación de Pontevedra, quérese dar apoio e colaborar con aquelas entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro da provincia de Pontevedra que están a desenvolver importantes proxectos e programas para a consecución da igualdade efectiva entre mulleres e homes, a loita contra a violencia machista e a visibilización do papel das mulleres na nosa provincia.





Con data 28 de xuño de 2022, no Rexistro da Deputación de Pontevedra (número de rexistro WEB2022037184) a Asociación de Industrias del Metal y Tecnoloxías Asociadas de Galicia (ASIME) presenta solicitude de subvención nominativa contemplada nos orzamentos da Deputación de Pontevedra, na área de igualdade, cunha partida específica a esta entidade. O artigo 22 da Lei 38/2003 e 19.4 da Lei 9/2007, sinalan que poderán concederse de forma directa as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da entidade correspondente.

Na data 6 de xullo de 2022 a xefa do Servizo de Igualdade, informa sobre o interese público da realización do Programa Tecnolóxicas para combater a brecha de xénero tecnolóxica existente no noso territorio e a xustificación da concesión da subvención á Asociación de Industrias del Metal y Tecnoloxías de Galicia - ASIME. (CSV:9AFODGXBV9FXQCW1).

Con data 18 de xullo de 2022 secretaría Xeral emite informe favorable o expediente (CSV:1QIYWRC3YQFTE32R)E, na data de 19 de xullo de 2022 Intervención informa favorablemente o expediente e indica que na aplicación 22/250.2315.480.01 existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte ao gasto correspondente á achega da Deputación para o ano 2022 e, respecto á anualidade de 2023 será financiada no seu caso con cargo á aplicación 23/250.2315.480.01, quedando condicionada á aprobación do orzamento do ano 2023.

Na sesión ordinaria da Comisión Informativa de Igualdade, celebrada o día 22 de xullo de 2022, ditaminase favorablemente por unanimidade a aprobación do citado Convenio coa Asociación de Industrias do Metal e Tecnoloxías Asociadas (ASIME), cos votos a favor do Grupo Provincial do PSdG-PSOE, do Grupo Provincial do BNG e do Grupo Provincial do PP.

Á vista de todos estes antecedentes, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar o Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e a Asociación de Industrias del Metal y Tecnoloxías Asociadas de Galicia (Asime) para o desenvolvemento do proxecto “Tecnoloxicas 2022-2023” cuxo texto literalmente transcrito di como segue:

*“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E A ASOCIACIÓN DE INDUSTRIAS DO METAL E TECNOLOXÍAS ASOCIADAS DE GALICIA PARA O PERÍODO 2022-2023*

*No Pazo da Deputación de Pontevedra*

**REÚNENSE**

*Dunha parte, M.<sup>a</sup> del Carmen Silva Rego, presidenta da Deputación de Pontevedra, en conformidade coas competencias establecidas no artigo 34.1.b da Lei 7/85, de 2 abril, reguladora das bases do réxime local.*

*Da outra, Justo Sierra Rey, en representación da Asociación de Industrias do Metal e Tecnoloxías Asociadas (ASIME), con CIF G-36.614.774 e enderezo na avenida Doutor Corbal, 51, 36207 Vigo.*



*Actúa como fedatario público deste convenio Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación de Pontevedra. As dúas partes recoñécense con capacidade legal e representación suficiente para subscribiren o convenio de colaboración e, para tal efecto,*

## EXPOÑEN

*I. Que a Deputación de Pontevedra é unha institución pública que ten entre as súas principais liñas estratéxicas de actuación a consecución da igualdade real e efectiva entre as mulleres e os homes en todos os ámbitos da vida social, política, económica e cultural, e a loita contra a violencia de xénero.*

*II. Que ASIME está formada por máis de 600 empresas asociadas representativas das actividades de automoción, metalmecánica e transporte; naval, marítima e enerxías mariñas; construcións e estruturas metálicas; aeronáutica e aeroespacial; aluminio (extrusión, carpintería e cerramentos); ascensores e elevadores; e servizos complementarios (loxística, sistemas de información e comunicación). Os seus servizos abranguen o asesoramento en programas de innovación, subvencións e en materia de seguridade laboral, negociación colectiva cos axentes sociais, formación e promoción da xeración de emprego, e orientación laboral.*

*III. Que ambas as partes consideran de interese colaborar na realización dun programa innovador cunha clara vocación práctica na que se aliñan o ecosistema de empresas e as institucións da provincia de Pontevedra para combater a fenda de xénero tecnolóxica existente no noso territorio.*

*A fenda de xénero é unha realidade no mundo laboral e no sector tecnolóxico é maior ca noutras industrias. Esta desigualdade ten consecuencias negativas para a sociedade e a economía, de aí a necesidade de afrontala e desenvolver propostas eficaces que contribúan a reducir estas desigualdades, aumentando a representatividade e a relevancia da muller neste sector chave que vai marcar o pulso da economía do futuro.*

*Diferentes estudos e datos demostran a discriminación social e laboral que sofre a muller no mundo da tecnoloxía, desde a fenda dixital ata a escaseza de mulleres en sectores tecnolóxicos, pasando polo carácter minoritario das mulleres nos estudos de ciencias, tecnoloxías, enxeñerías e matemáticas (STEM).*

*En consecuencia, acordan formalizar este convenio de colaboración de acordo coas seguintes*

### Cláusulas

#### Primeira. Obxecto

*A través deste convenio a Deputación de Pontevedra e ASIME establecen as condicións polas que se rexerá a colaboración entre ambas as entidades para desenvolver o programa “Tecnolóxicas” 2022-2023, co que se quere impulsar e introducir de forma real ás mulleres nos departamentos de desenvolvemento tecnolóxico das empresas.*

#### Segunda. Obxectivos

- *Situar a provincia de Pontevedra, en concreto, e Galicia, en xeral, na vangarda da loita contra a fenda de xénero tecnolóxica*
- *Xerar unha cultura de talento feminino tecnolóxico para enriquecer o tecido industrial*
- *Proporcionar información para fomentar o número de mulleres que escollen carreiras tecnolóxicas*
- *Darlles resposta real ás necesidades actuais das empresas da provincia á vez que se impulsa a carreira de mulleres con perfil tecnolóxico*





*Terceira. Definición das actuacións concretas que se van desenvolver*

- ✓ *Formación: cursos e contrato formativo en empresas*  
*Previamente realizárase un estudo de prospección entre as súas empresas asociadas para identificar as temáticas técnicas específicas que precisan cubrir con persoal formado no ámbito tecnolóxico*  
*Contrato laboral en modalidade formativa de 6 meses de duración en empresas punteiras da provincia de Pontevedra do ámbito industrial ou tecnolóxico, para darlles a dez mozas pontevedresas a formación necesaria*
- ✓ *Mentoría das alumnas por parte de persoal técnico cualificado, tanto no proceso formativo coma no período de contrato formativo nas empresas*
- ✓ *Xeración de referentes locais con accións de sensibilización e difusión*  
*O fomento das vocacións en estudos STEM entre a poboación feminina, desde as nenas en idade escolar ata a ESO e o bacharelato, considérase un dos piares fundamentais desta iniciativa, polo que se realizarán accións de sensibilización e difusión en diferentes concellos da provincia.*

*Nesta cláusula as actuacións detallaranse (polo miúdo) na memoria do proxecto que se incorpora como anexo.*

*Cuarta. Obrigas das partes*

*Obrigas da Deputación de Pontevedra:*

- 1. A Deputación de Pontevedra, para o desenvolvemento e bo fin deste convenio, asume o compromiso de abegar os recursos financeiros necesarios para poñer en marcha o programa “Tecnolóxicas” 2022-2023, cun importe bianual total que ascende a cento trinta e cinco mil setecentos vinte e oito euros e cincuenta e nove (135.728,59) céntimos. Para o ano 2022 os gastos financiados ascenden a oitenta mil oitocentos oitenta e sete euros e cincuenta e nove (80.887,59) céntimos, e imputaráselle á aplicación orzamentaria 22/250.2315.480.01 do vixente Orzamento provincial. Para o ano 2023 os gastos financiados pola Deputación ascenden a cincuenta e catro mil oitocentos corenta e un (54.841) euros, cuxa contía quedará condicionada á aprobación do orzamento de 2023.*
- 2. Formar parte das comisións seleccionadoras das alumnas e das empresas participantes no programa.*
- 3. A Deputación de Pontevedra poderá publicar e dar a coñecer as diferentes actuacións realizadas no marco deste convenio.*

*Obrigas de ASIME:*

- 1. Coordinar e executar o plan de actuacións que se desenvolverá no programa e realizar as funcións establecidas coa debida dilixencia e boa fe, velando polo seu bo desenvolvemento.*
- 2. Poñer á disposición das comisións seleccionadoras, en caso de que sexa necesario, un comité de persoas expertas para emitir informes.*
- 3. Informar regularmente a Deputación de Pontevedra da marcha das actividades relacionadas co obxecto deste convenio a través da Comisión de seguimento á que fai referencia a cláusula décima.*
- 4. Poñer á disposición da Deputación de Pontevedra os resultados das diferentes actuacións realizadas.*



5. Presentarlle á Deputación de Pontevedra, ao rematar as actividades, un informe final que recolla unha proposta de directrices de actuación.
6. Facer constar, expresamente e de xeito visible, en calquera dos medios que se empreguen para difundir o proxecto, que este se realiza co financiamento da Deputación, e incorporar para iso o logotipo institucional.
7. Presentar unha memoria anual das actividades realizadas dentro do programa “Tecnolóxicas” 2022-2023 que inclúa a xustificación económica de cada unha delas, o detalle das actuacións desenvolvidas, a avaliación de cada unha das fases do proxecto, a valoración final das alumnas e das empresas participantes, o impacto dos resultados acadados e o nivel de consecución dos seus obxectivos.

#### *Quinta. Compatibilidades*

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

#### *Sexta. Duración*

O convenio entrará en vigor o 1 de marzo de 2022 e rematará o 31 de agosto de 2023. O prazo de realización das actividades abranguerá desde o 1 de marzo de 2022 ata o 30 de xuño de 2023, independentemente da data da súa sinatura.

Este convenio extinguirase polo transcurso do prazo pactado, por mutuo acordo ou por incumprimento total ou parcial das obrigas establecidas de común acordo.

As partes poderán modificar ou denunciar este documento en calquera momento por mutuo acordo. Calquera delas poderá, á súa vez, renunciar a este convenio comunicándollo por escrito á outra parte tres (3) meses antes da data na que se vaia dar por rematado.

#### *Sétima. Condicións e financiamento*

O importe total da actividade ascende a douscentos seis mil seiscientos setenta e dos euros e setenta e nove (206.672,79) céntimos, segundo a información incluída na táboa anexa.

A achega económica por parte do organismo provincial para a realización do convenio será bianual e ascenderá a un total de cento trinta e cinco mil setecentos vinte e oito euros e cincuenta e nove (135.728,59) céntimos; oitenta mil oitocentos oitenta e sete euros e cincuenta e nove (80.887,59) céntimos consignados na aplicación 22/250.2315.480.01 e cincuenta e catro mil oitocentos corenta e un (54.841) euros con cargo aplicación que será, no seu caso, 23/250.2315.480.01; esta contía quedará condicionada á aprobación do orzamento do ano 2023 e á existencia adecuada e suficiente neste.

Estas contías aboaranse en dous únicos pagamentos polas cantidades arriba sinaladas, unha vez xustificadas os gastos, ata acadar o total a través das correspondentes facturas, nóminas ou outros documentos válidos legalmente para tal fin, xunto coa presentación da memoria final dos gastos realizados.

Para aboar as cantidades será preciso estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda galega, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra, e non se poderá incorrer en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas nin en ningún dos casos de prohibición para percibir subvencións recollidos na lei.





*Oitava. Xustificación do convenio. Réxime de pagamento*

*O prazo para xustificar o convenio finalizará o 31 de agosto de 2023. Dado que se trata dun convenio bianual, a contía imputada con cargo ao orzamento do ano 2022 poderá xustificarse unha vez realizado o gasto desta anualidade, ata o 28 de febreiro de 2023.*

*Para xustificar o cumprimento e o posterior pagamento da subvención correspondente ao ano 2022, é preciso presentar o seguinte:*

- 1. Conta xustificativa, segundo o modelo oficial, por un importe igual ou superior ao orzamento total da actividade da anualidade correspondente presentado pola entidade na súa solicitude.*
- 2. Xustificación dos gastos polo importe da subvención concedida pola Deputación por medio de facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo; indicaranse o número de unidades, os prezos unitarios destas e o custo total.*
- 3. Declaración de axudas e outros, segundo o modelo oficial.*
- 4. Acreditación da divulgación do financiamento da actividade subvencionada por parte do organismo provincial, para o que será necesaria a declaración responsable da persoa representante, acompañada de fotografías, carteis ou calquera outro medio probatorio da difusión.*
- 5. Memoria explicativa do desenvolvemento das accións subvencionadas e dos servizos prestados na anualidade correspondente, asinada e selada, na que se indiquen os obxectivos acadados, as actividades realizadas e os resultados obtidos.*

*Para xustificar o cumprimento e o posterior pagamento da subvención correspondente a 2023, cómpre presentar o seguinte:*

- 1. Conta xustificativa, segundo o modelo oficial, por un importe igual ou superior ao orzamento total da actividade da anualidade correspondente presentado pola entidade na súa solicitude.*
- 2. Xustificación dos gastos polo importe da subvención concedida pola Deputación por medio de facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo; indicaranse o número de unidades, os prezos unitarios destas e o custo total.*
- 3. Declaración de axudas e outros, segundo o modelo oficial.*
- 4. Acreditación da divulgación do financiamento da actividade subvencionada por parte do organismo provincial, para o que será necesaria a declaración responsable da persoa representante, acompañada de fotografías, carteis ou calquera outro medio probatorio da difusión.*
- 5. Memoria explicativa do desenvolvemento das accións subvencionadas e dos servizos prestados na anualidade correspondente, asinada e selada, na que se indiquen os obxectivos acadados, as actividades realizadas e os resultados obtidos.*

*Para facer o pagamento da subvención, a entidade non poderá ter débedas coa Facenda provincial, tal como se recolle no artigo 18.f da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS).*

*Os gastos xustificandos deberán axustarse aos conceptos establecidos no orzamento inicial, sen aboar máis que o importe xustificando co límite da subvención concedida. A desviación máxima entre os conceptos con respecto ao orzamento inicial non superará o 20 %.*



*Novena. Causas de resolución do convenio*

*Son causas de resolución do convenio:*

- 1. O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a súa prórroga*
- 2. O transcurso do seu prazo máximo de vixencia, incluído o período de prórroga establecido*
- 3. O acordo unánime das entidades asinantes*
- 4. O incumprimento das obrigas e dos compromisos asumidos por parte dalgunha das persoas asinantes*
- 5. A decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio*
- 6. Calquera das causas contempladas na normativa da entidade sobre o contido do convenio.*

*Décima. Comisión de seguimento*

*Constituirase unha comisión de seguimento formada por dúas persoas representantes de cada unha das partes asinantes do convenio. Esta Comisión encargarase de:*

- Interpretar, supervisar e controlar o contido deste convenio*
- Trasladarlles as propostas que se elaboren aos órganos competentes das dúas partes*

*Décimo primeira. Control, seguimento e avaliación*

*Con independencia dos traballos que realice a Comisión de seguimento, a Deputación Provincial de Pontevedra establecerá, como medida de garantía a favor dos intereses públicos, os mecanismos de control que estime necesarios para asegurar o cumprimento da finalidade perseguida neste convenio.*

*Para iso, a Deputación Provincial de Pontevedra, a través do Servizo de Intervención, poderá someter a control financeiro esta subvención, tal e como se establece no artigo 44 da LXS, e no artigo 31 da Ordenanza xeral de subvencións desta institución.*

*Este control terá por obxecto verificar:*

- a. A adecuada e correcta obtención das subvencións por parte das entidades e persoas beneficiarias.*
- b. O cumprimento por parte das persoas beneficiarias e das entidades colaboradoras das obrigas de xestión e aplicación das subvencións.*
- c. A adecuada e a correcta xustificación das subvencións e a consecución dos seus obxectivos.*
- d. A realidade e regularidade das operacións que, de acordo coa xustificación presentada polas entidades e persoas beneficiarias e colaboradoras, se financiaron coa subvención.*
- e. O adecuado financiamento das actividades subvencionadas.*
- f. A existencia de feitos, circunstancias ou situacións non declaradas á Administración por parte das persoas beneficiarias que poidan afectar a correcta obtención, utilización, gozo ou xustificación da subvención, así como a realidade e regularidade das operacións financiadas por ela.*

*Nese sentido, as persoas ou entidades beneficiarias deben pagarles ás ou aos acredores durante o período de realización da finalidade subvencionada; terán que facelo preferentemente por medio de instrumentos de entidades financeiras, o que será obrigatorio cando o importe supere os novecentos (900,00) euros.*





Non obstante, as persoas ou entidades beneficiarias que teñan dificultades de tesourería poderán pagar unha vez cobren a subvención, e deberán realizar o pagamento no prazo máximo dun (1) mes desde que se produza este cobro. Así mesmo, a información sobre a subvención concedida neste convenio remitiráselle ao Consello de Contas, en aplicación do artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e da súa normativa de desenvolvemento (Instrución do Tribunal de Contas, Resolución do 2 de decembro de 2016).

#### Décimo segunda. Publicidade

ASIME comprométese a facer constar a colaboración e a participación da Deputación en toda a publicidade que elabore sobre o convenio, independentemente do medio de difusión. A institución provincial reserva o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución deste.

Para todo o relativo á publicidade seguiranse as instrucións establecidas polo Servizo de Comunicación Institucional a través do seguinte enderezo: [comunicacion@depo.es](mailto:comunicacion@depo.es).

#### Décimo terceira. Réxime xurídico aplicable e competencia

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS)
- Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS
- Lei orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero
- Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes
- Decreto lexislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade
- Lei 11/2007, de 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración local
- Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra
- Bases de execución do Orzamento xeral da Deputación de Pontevedra
- Demais lexislación aplicable

A competencia para o coñecemento das accións derivadas deste convenio corresponderalle aos xulgados e tribunais que proceda, en aplicación da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Este convenio ten natureza administrativa e está sometido ao réxime previsto nos artigos do 47 ao 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.



*En cumprimento do disposto no artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na Resolución, de 2 de decembro de 2016, da Presidencia do Tribunal de Contas, pola que se publica o Acordo do Pleno de 24 de novembro de 2016, polo que se aproba a instrución relativa á remisión telemática ao Tribunal de Contas de convenios e de relacións anuais dos asinados polas entidades do sector público local; este convenio, cuxos compromisos económicos non superan os seiscientos mil (600.000) euros, rexistrárase na aplicación informática da Deputación de Pontevedra co obxecto de incorporar os datos deste á relación certificada anual que se lle remitirá ao Tribunal de Contas.*

#### *Décimo cuarta. Protección de datos*

*As partes manifestan que coñecen e cumpren coa lexislación europea en materia de protección de datos de carácter persoal, á que se someten de forma expresa, e comprométese a dárenlles un uso debido aos datos de tal natureza que obteñan como consecuencia do desenvolvemento deste convenio, no marco do disposto no Regulamento (UE) 2016/679, de 27 de abril, do Parlamento Europeo e do Consello.*

#### *As partes comprométese a:*

- *Tratar os datos de carácter persoal coa finalidade exclusiva de realizar o servizo*
- *Garantir que os datos de carácter persoal non serán obxecto de ningún tratamento distinto ao previsto neste convenio*
- *Non cederlles a terceiras persoas os datos de carácter persoal salvo nos casos en que exista unha obriga legal*

*As persoas interesadas poderán exercer, no seu caso, os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición, limitación e portabilidade nos termos legais previstos, mediante a comunicación ao domicilio social da respectiva entidade.*

*A entidade colaboradora adoptará as medidas adecuadas para limitar o acceso das súas empregadas e empregados aos datos persoais durante a vixencia deste convenio.*

*Os datos de carácter persoal deberán destruírse ou devolverse, segundo o criterio de ASIME, unha vez finalice a vixencia do convenio e no momento no que, en cumprimento das condicións pactadas ou legalmente previstas, remate a relación entre ambas as partes, sen prexuízo das excepcións que a normativa ou as decisións xudiciais puidesen establecer con respecto ao mantemento temporal mínimo de certos datos que pola súa natureza o requiran. Deberá dárselle o mesmo destino a calquera soporte ou documento no que conste algún dato de carácter persoal obxecto de tratamento.*

*E, en proba de conformidade, asinan este convenio de forma dixital na data indicada na marxe.”*

### 14.32014.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO NÚMERO 16/22. (EXPTE. 2022049308)

A Xefa do Servizo de Recursos Humanos e Formación a través de escrito de data 22 de xullo de 2022, no que figura o conforme do Deputado Delegado da área de Réxime Interior, Economía, Facenda e ORAL, pon de manifesto que é necesario incrementar o crédito das aplicacións orzamentarias destinadas ás contratacións de funcionarios interinos sen praza do Gabinete de Presidencia, polo que propón efectuar a tramitación dunha transferencia de crédito entre diversas aplicacións do vixente orzamento provincial, por importe global de 12.396,00 euros.





Resultando que a Intervención emite informe, con data 26 de xullo de 2022, no que deixa constancia de que a proposta que efectúa a Xefa do Servizo de Recursos Humanos e Formación para realizar este expediente de transferencia de crédito por importe global de 12.369,00 euros, cumpre os requisitos previstos na normativa aplicable, e dicir, as variacións de crédito propostas non afectan a créditos nados como consecuencia de ampliación nin expedientes de crédito extraordinario concedidos durante o exercicio, e non se minoran créditos que fosen incrementados con suplementos, transferencias, ou incorporados como remanentes non comprometidos procedentes de orzamentos pechados, ou , de selo, afectan a créditos de persoal, aos programas de imprevistos e funcións non clasificadas ou veñen provocados por reorganizacións administrativas.

Resultando que pola Intervención comprobouse a existencia de crédito dentro da aplicación orzamentaria 22/920.9200.160.00 que minorra o seu crédito, emitindo o documento de retención de crédito número de operación 202200147230, polo importe en que se minorra, e dicir en 12.396,00euros.

Considerando o establecido nos artigos 179,180 e concordantes do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (T.R.L.R.H.L.), así como nos artigos 40,41, 42 e concordantes do Real decreto 500/90 de 20 de abril e nas Bases nº 7 e 10 de execución do vixente orzamento provincial.

Considerando que o órgano competente para aprobar o expediente é a Xunta de Goberno por tratarse de transferencias de crédito de persoal xestionados por centros xestores distintos (Base 10ª apartado. 3.d).

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Aprobar o expediente de transferencia de crédito número 16/2022 por importe total de 12.396,00euros, minorando e aumentando o crédito nos importes e nas aplicacións orzamentarias que se detallan a continuación:

#### APLICACIÓN QUE MINORA CRÉDITO

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
22/920-9200-160,00	S. SOCIAL, PERSOAL FUNCIONARIO _ SERVIZO CENTRAL	12.396,00 €
	Total.....	12.396,00 €

#### APLICACIÓN QUE AUMENTAN CRÉDITO

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
22/912-9120-120,51	SOLDO, FUNC. INTERINOS SEN PRAZA, GABINENTE DA PRESIDENCIA	3.500,00 €



22/912-9120-120,52	TRIENIOS, FUNC. INTERINOS SEN PRAZA, GABINENTE DA PRESIDENCIA	946,00 €
22/912-9120-120,53	PAGA EXTRA, FUNC. INTERINOS SEN PRAZA, GABINENTE DA PRESIDENCIA	1.400,00 €
22/912-9120-121,51	C. DESTINO, FUNC. INTERINOS SEN PRAZA, GABINENTE DA PRESIDENCIA	2.500,00 €
22/912-9120-121,52	C. ESPECIFICO, FUNC. INTERINOS SEN PRAZA, GABINENTE DA PRESIDENCIA	2.500,00 €
22/912-9120-150,04	PRODUCTIVIDADE COMPLEMENTARIA, GABINENTE DA PRESIDENCIA	1.550,00 €
Total.....		12.396,00 €

15.32015.- AUTORIZACIÓN DA SUSPENSIÓN DO INICIO DA EXECUCIÓN DO CONTRATO DE OBRAS “REHABILITACIÓN ENERXÉTICA DA ESCOLA UNITARIA DA ENTIDADE LOCAL DE VILASOBROSO, RECOLLIDA NAS ACTUACIÓNS DO PROXECTO IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-004126 “ENVOLVENTE TÉRMICA SOSTENIBLE I”, QUE CONTA CON COFINANCIAMENTO DO 80 % DO FEDER A TRAVÉS DA CONVOCATORIA DE AXUDAS DO IDAE (EXPTE. 2022002143)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 20 de maio de 2022, acordou adjudicar o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Rehabilitación enerxética da escola unitaria da entidade local de Vilasobroso, recollida nas actuacións do proxecto IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-004126 “Envolveinte térmica sostenible I”, que conta con cofinanciamento do 80 % do FEDER a través da convocatoria de axudas do IDAE” á empresa CONSTRUCCIONES Y OBRAS VAZAL, S.L., por un importe de 361.595,40 € e un prazo de execución de TRES (3) MESES.

Resultando.- Que con data 06/07/2022 formalizouse entre o contratista e a directora de obra, acta de comprobación de replanteo negativa, debido á que a existencia de mobiliario e outros elementos propiedade da Entidade Local Menor de Vilasobroso imposibilitan o inicio das obras, non autorizando o inicio das mesmas ata ser retirados ditos elementos.

Considerando.- Que o artigo 190 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, establece que o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público, declarar a responsabilidade imputable ó contratista a raíz da execución do contrato, suspender a execución do mesmo, acordar a súa resolución e determinar os efectos de esta...”

Considerando.- Que o artigo 139 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, recolle que cando o contratista formulase reservas fundadas no acto de comprobación de replanteo, quedará suspendida





a iniciación das obras, fancendo constar na acta, ata que o órgano de contratación adopta a resolución precedente dentro das facultades que lle atribúe a lexislación de contratos das Administración Públicas.

Considerando.- Que o artigo 140 do mesmo texto legal, establece nos seus apartados 1 e 2 referidos á acta de comprobación de replanteo e os seus efectos, o seguinte: “1. A acta de comprobación de replanteo reflexará a conformidade ou disconformidade do mesmo respecto dos documentos contractuais do proxecto, con especial e expresa referencia ás características xeométricas da obra, á autorización para a ocupación dos terreos necesarios e a calquera punto que poda afectar ó cumprimento do contrato. 2. Á vista dos seus resultados procederase nos termos previstos no artigo anterior. Caso de que o contratista, sen formular reservas sobre a viabilidade do proxecto, tivera feito outras observación que podan afectar á execución da obra, a dirección, consideradas tales observacións, dedicará iniciar ou suspender o comezo da obra, debendo xustificalo na propia acta...”

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Autorizar a suspensión do inicio da execución da obra “Rehabilitación enerxética da escola unitaria da entidade local de Vilasobroso, recollida nas actuacións do proxecto IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-004126 “Envoltante térmica sostenible I”, que conta con cofinanciamento do 80 % do FEDER a través da convocatoria de axudas do IDAE”, polas causas recollidas na acta de comprobación de replanteo negativa asinada polo contratista e a directora da obra na data 06/07/2022.

Solventadas as incidencias, deberase formalizar un acta de reinicio das obras a fin de executar as unidades de obras pendentes.

16.32016.- PRÓRROGA NA EXECUCIÓN DO CONTRATO DE OBRAS “MELLORA DA SEGURIDADE PEONIL NA E.P. 1005 VISO-HÍO (CONCELLO DE CANGAS)”. (EXPTE. 2021005584).

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada en data 22/10/2021 acordou adxudicar o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación das obras “Mellora da seguridade peonil na E.P. 1005 Viso-Hío (Concello de Cangas)”, á empresa MOVIMIENTOS ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L., por un importe total de 930.752,53 € e un prazo de execución de SEIS (6) MESES a contar dende a data de formalización da acta de comprobación do replanteo.

Resultando.- Que con data 03/12/2021 formalizouse entre o contratista e o director de obra, acta de comprobación de replanteo negativa, suspendendo o inicio das obras.

Resultando.-Que na data 10/01/2022 formalizase acta de comprobación de replanteo positiva, establecendo nese intre como data para finalizar a obra o día 10/07/2022.



Resultando.- Que con data 28/06/2022 tivo entrada no rexistro electrónico da Deputación instancia do contratista, solicitando unha prórroga na execución do contrato de DOUS (2) MESES, debido a que a empresa subministradora de telecomunicacións ten que efectuar a retirada de postes e soterramento de liñas necesarios para poder deixar conformada a senda peatonal. A isto hai que engadirlle, que o Concello de Cangas está executando uns muros de contención que serven de base para a contención da futura senda.

Resultando.- Que con data 15/07/2022 emitiu informe o xefe dos Servizos Técnicos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, recollendo o seguinte: “... a Dirección Facultativa considera que as causas alegadas de demora non son imputables ao contratista, considerando ademais que estas se van a prolongar nos prazos indicados, entendendo xustificada a concesión da prórroga para a ampliación do prazo de execución da obra ata o 10 de setembro de 2022...”

Resultando.- Que consta no expediente informe conxunto emitido polo Xefe de Servizo de Contratación, o Secretario Xeral da Deputación e o Interventor informando favorablemente o expediente.

Considerando.- Que o artigo 193.1 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, establece que: “...O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo, así como dos prazos parciais sinalados para a execución sucesiva...”

Considerando.- Que o artigo 195.2 do mesmo texto legal, recolle no referente á ampliación do prazo d execución dos contratos o seguinte: “...Se o retraso fose producido por motivos non imputables ó contratista e este ofrecera cumprir os seus compromisos se se lle amplía o prazo inicial de execución, o órgano de contratación concederallo dándoselle un prazo que será, polo menos, igual ó tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor...”

Considerando.- Que o artigo 100 do Real Decreto 1098/2001 establece que: “1. A petición de prórroga por parte do contratista deberá ter lugar nun prazo máximo de quince días dende aquel no que se produza a causa orixinaria do retraso, alegando as razóns polas que estime non lle é imputable e sinalando o tempo probable da súa duración...”

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilma. Sra. Presidenta para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.





A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder á empresa *MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.*, unha prórroga de DOUS (2) MESES na execución do contrato de obras ‘*Mellora da seguridade peonil na E.P. 1005 Viso-Hío (Concello de Cangas)*’, establecendo coma data para finalizar a obra o día 10/09/2022.

17.32017.- APROBACIÓN DO PROXECTO DE EXECUCIÓN DA OBRA “SUBSTITUCIÓN DAS ESCALEIRAS DE EMERXENCIA DO CENTRO INFANTO XUVENIL ESCOLA FOGAR DE PRÍNCIPE FELIPE”. (EXPTE. 2021004064).

Resultando.- Que a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na sesión ordinaria do día 9 de xullo de 2021, acordou aprobar o proxecto para a execución da obra “*Substitución das escaleiras de emerxencia do Centro Infanto Xuvenil Escola Fogar de Príncipe Felipe na Deputación de Pontevedra*”, redactado polo arquitecto externo José Manuel Fernández Barreira, cun orzamento base de licitación de 271.532,08€ IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código CSV: BEFVZMB9JVOJD5U3.

Resultando.- Que segundo o informe de supervisión do proxecto as obras proxectadas atópanse sometidas ó réxime de comunicación previa urbanística.

Resultando.- Que ao obxecto de iniciar o procedemento de contratación a fin de adxudicar o contrato e levar a cabo as ditas obras, pola institución provincial, con data de 03 de agosto de 2021, realízanse no Concello de Pontevedra os trámites necesarios recollidos no artigo 142 sobre licenzas urbanísticas e comunicacións previas que recolle a Lei 2/2016, do 10 de febreiro, de solo de Galicia, obtendo como resultado a licenza para a realización das ditas obras o día 02 de maio de 2022.

Resultando.- Que derivado do anteriormente dito recibíuse no Servizo de Contratación providencia da Deputada Delegada da área de Príncipe Felipe de inicio de expediente de contratación das obras “*Substitución das escaleiras de emerxencia do Centro Infanto Xuvenil Escola Fogar de Príncipe Felipe*”.

Resultando.- Que recolle a citada providencia que tendo en conta a data de aprobación do proxecto e a de outorgamento da licenza de obras, así como a situación actual do mercado a cal provocou un incremento de prezos de mercado que afecta sensiblemente ós prezos estipulados inicialmente no proxecto aprobado na Deputación de Pontevedra, foi preciso levar a cabo unha actualización dos ditos prezos e polo tanto modificar o proxecto. De tal xeito redactouse polo arquitecto José Manuel Barreira Fernández novo proxecto básico e de execución das obras de substitución de escaleiras de emerxencia do Centro Infanto-Xuvenil Escola Fogar no Centro Príncipe Felipe cun orzamento base de licitación de 325.391,52 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código CSV: 9O3KEJ5CL5EUQLRX.



Resultando.- Que tamén se recolle que as actuacións recollidas inicialmente no proxecto aprobado pola Xunta de Goberno non sufriron ningunha modificación, o novo proxecto básico e de execución unicamente foi elaborado para actualizar o orzamento.

Resultando.- Que Pola Intervención emitíuse documentos R.C. nº 202100122412, por importe 173.049,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 22/232.2312.623.03.2020, RC nº 202100122414 por importe de 98.483,08€, con cargo á aplicación orzamentaria 22/232.2312.632.03.2021 e RC con número de operación 202200145377 por importe de 53.859,44 € con cargo á aplicación orzamentaria 22/232.2312.632.03 do vixente orzamento provincial.

Considerando.- Que o artigo 231 da LCSP establece que: “...a *adjudicación dun contrato de obras requirirá a previa elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto que definirá con precisión o obxecto do contrato. A aprobación do proxecto corresponderá ó órgano de contratación...*”

Considerando.- Que o artigo 235 do mesmo texto legal, recolle que para contratos de obras cun orzamento base de licitación inferior a 500.000 € o informe de supervisión será facultativo, salvo que se trate de obras que afecten á estabilidade, seguridade ou estanqueidade da obra.

Considerando.- Todo o recollido no Título II, Capítulo I, sección 1ª da LCSP, referente ás actuacións preparatorias do contrato de obras.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilma. Sra. Presidenta para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Deixar sen efecto o acordo adoptado pola Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria do día 9 de xullo de 2021, de aprobación do proxecto para a execución da obra “*Substitución das escaleiras de emerxencia do Centro Infante Xuvenil Escola Fogar de Príncipe Felipe na Deputación de Pontevedra*”, cun orzamento base de licitación de 271.532,08€ IVE incluído ó que se lle asignou o código (CSV): BEFVZMB9JVOJD5U3
2. Aprobar o proxecto de execución da obra “*Substitución das escaleiras de emerxencia do Centro Infante Xuvenil Escola Fogar de Príncipe Felipe na Deputación de Pontevedra*”, redactado polo arquitecto José Manuel Barreira Fernández, cun orzamento base de licitación de 325.391,52 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código CSV: 9O3KEJ5CL5EUQLRX





18.32018.- DECLARAR DESERTO O PROCEDEMENTO DO CONTRATO BASEADO NO ACORDO MARCO 13/2018 DA CENTRAL DE CONTRATACIÓN DO ESTADO TRAMITADO PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE LICENCIAMENTO DO SOFTWARE DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA. (EXPTE.2022035591).

Por acordo da Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 23 de xuño de 2022, aprobouse o expediente de contratación da renovación das licenzas do software da Deputación de Pontevedra, a través dun contrato baseado no Acordo Marco 13/2018 do Sistema Estatal de Contratación Centralizada para o subministro de servidores, sistemas de almacenamento e software de infraestruturas.

Para a presente contratación en data 28 de xuño de 2022 convidáronse ás empresas que figuran dentro do Lote 3: Software de infraestrutura do citado acordo marco, a través da plataforma de licitación da Deputación de Pontevedra (Vortal).

Finalizado o prazo de presentación de ofertas en fecha 18 de xullo de 2022, comprobouse que todas as empresas que se presentan envían renuncia, xunto con escrito no que xustifican os motivos polos que non presentan oferta, sendo estas as seguintes:

EMPRESAS INVITADAS	NIF	Rechazan presentar oferta
ACUNTIA, S.A.U.	A80644081	X
ATOS SPAIN, S.A.U.	A28240752	X
DELL COMPUTER, S.A	A80022734	
EMC COMPUTER SYSTEMS SPAIN S.A.U.	A28639235	
ESPRINET IBERICA S.L.U.	B84443985	
EVERIS SPAIN, S.L.U.	B82387770	X
EVOLUTIO CLOUD ENABLER, S.A.	A80448194	
FUJITSU TECHNOLOGY SOLUTIONS, S.A.	A28472819	
HEWLETT-PACKARD SERVICIOS ESPAÑA S.L.U.	B82591470	X
IBERMÁTICA, S.A.	A20038915	
INFOREIN, S.A.	A78327350	
INFORMÁTICA EL CORTE INGLÉS, S.A.	A28855260	
INGRAM MICRO S.L.U	B78076395	
INTERNACIONAL PERIFÉRICOS Y MEMORIAS ESPAÑA, S.L.	B62758602	



INTERNATIONAL BUSINESS MACHINES, S.A.	A28010791	
KONICA MINOLTA BUSINESS SOLUTIONS SPAIN, S.A.	A81069197	X
KYOCERA DOCUMENT SOLUTIONS ESPAÑA, S.A.U.	A78053634	X
LENOVO SPAIN S.L.	B84225507	
LOGICALIS SPAIN, S.L.U.	B82832155	X
RICOH ESPAÑA, S.L.U.	B82080177	X
SAS INSTITUTE, S.A.U.	A79089983	
SEIDOR, SA	A08854929	X
SOFTWARE AG ESPAÑA, S.A.U.	A78093192	
SPECIALIST COMPUTER CENTRES, S.L	B81644387	X
TECH DATA ESPAÑA, SL	B58728585	
TELEFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.A.U	A78053147	
UTE ALHAMBRA-EIDOS-BILBOMÁTICA	U88564851	
UTE ANADAT TECHNOLOGY, S.L. - EULEN, S.A	U88561857	
UTE ECONOCOM SERVICIOS-ECONOCOM PRODUCTS AND SOLUTIONS	U88563440	
UTE GFI INFORMATICA - GFI NORTE	U88481288	
UTE GMV SOLUCIONES GLOBALES INTERNET, TSYVALUE, GMV AEROSPACE AND DEFENCE	U88474887	X
UTE I.C.A., NEMIX, CONGNICASE MANAGEMENT, CMC, BRÚJULA, TECNOLOGÍAS DE LA INF.	U88564968	
UTE NUNSYS SL, ALFATEC SISTEMAS SL	U40641599	X
UTE SERVICIOS MICROINFORMÁTICA, AVENET IT, TÉCNICOS ASOCIADOS INF. SPHERA, DATEK	U88476700	X
UTE SISTEMAS INFORMÁTICOS ABIERTOS, S.A., - GESEIN, S.L.,	U88550009	X
VINZEO TECHNOLOGIES, S.A.	A95172532	

Considerando que a Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta á Ilma Presidenta para actuar coma órgano de contratación respecto a este contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das





facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Declarar deserto o procedemento de contratación da renovación das licenzas do software da Deputación de Pontevedra, a través dun contrato baseado no Acordo Marco 13/2018 do Sistema Estatal de Contratación Centralizada para a subministración de servidores, sistemas de almacenamento e software de infraestruturas), por non presentarse ningunha empresa licitadora interesada na adxudicación deste contrato.

#### 19.32019.- RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS

Vista a relación de facturas con número 2022049230, que contén 2 facturas e por un importe de 4.171,78 € e con CSV: UIUMS92DPYACKNXS, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 22/07/2022, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a anulación das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	4.171,78 €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	4.171,78 €

*Pola Presidenta maniféstase que asina con disconformidade e por imperativo legal, pois está en contra dos recoñecementos extraxudiciais de crédito. Manifesta que a partir de agora só se aprobarán recoñecementos extraxudiciais de créditos de xeito extraordinario por razóns non previsibles.*

#### 20.32020.- INADMISIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL FORMULADA POR DANOS MATERIAIS NO CONCELLO DE CANGAS (EXPTE. 2022046155)

Dada conta que con data 04/07/2022 (núm. rex. 2022016887), tivo entrada nesta Deputación instancia en solicitude de indemnización por responsabilidade patrimonial suscrita por D. Daniel Muñoz Ruiz en representación de Axa Seguros Generales, S.A. e de D. César Collarte Boo, por danos en vehículo producidos a consecuencia da irrupción dun xabaril na incorporación PO-554 á autovía CG-4.5, no Concello de Cangas, o día 05/03/2022, e que foi cuantificada economicamente en 2.309,31 €.



Resultando.- Que con data 07/07/2022, e con fundamento nos artigos 79, 80 e 81.1 da Lei 39/2015 e 172.2, último inciso, do R.d. 2568/86, solicitouse informe ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais desta Deputación, que o emitiu na data 13/07/2022, co seguinte contido:

*A estrada PO-554 Cangas (PO-551) – Cangas (VG-4.5), forma parte do inventario da Rede Autonómica de Estradas de Galicia (RAEGA).*

*Por tanto, o lugar onde aconteceu o incidente non pertence á rede provincial senón que é competencia da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia.*

*María Belén Pampín Camino*  
*Enxeñeiro*

---

Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de capacidade, lexitimación activa e temporalidade (sen ter transcorrido o prazo prescrición), descritos nos artigos 67 (en relación co 66), 3 e 4.1, letra a), da Lei 39/2015.

Considerando.- Que o teor do citado informe impide entrar sequera a valorar as circunstancias concorrentes no sinistro en cuestión, por canto non pode constituírse validamente a relación procedimental ó non resultar a Deputación Provincial pasivamente lexitimada para interpoñer perante ela ningunha reclamación que non se relacione directamente coa súa titularidade demanial.

Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 40/2015, 54 da Lei 7/85 e 223 do R.d. 2568/86.

Considerando.- Que en ningún caso pode esta Deputación Provincial facerse responsable de danos producidos en estradas que non sexan da súa titularidade demanial.

Considerando.- Que o presente acordo cumprimenta o establecido no artigo 88.1 da Lei 39/2015 referido á inadmisión argumentada da reclamación.

Considerando.- Que, asemade, o apartado 5 do artigo 88 da Lei 39/2015 establece que *“En ningún caso podrá la Administración abstenerse de resolver so pretexto de silencio, oscuridad o insuficiencia de los preceptos legales aplicables al caso, aunque PODRÁ RESOLVER LA INADMISIÓN DE LAS SOLICITUDES (...) MANIFIESTAMENTE CARENTES DE FUNDAMENTO”*.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade inadmitir a trámite dita solicitude de indemnización.





21.32021.- AUTORIZAR A SUBSTITUCIÓN DE PROXECTO TÉCNICO NO ACORDO DE XUNTA DE GOBERNO DO DÍA 23/06/2022, (Nº6.31882), POLO QUE SE CONCEDÍA UNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE PONTE CALDELAS, NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023 – LIÑA 1, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “EXECUCIÓN DE OBRAS DE MELLORA EN DIVERSOS VIARIOS MUNICIPAIS DE PONTE CALDELAS” (EXPTE. 2022011148)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.

Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.

En data 23/06/2022, mediante Acordo da Xunta de Goberno núm. 6.31882 concedeuse ao Concello de Ponte Caldelas, polo procedemento de concorrencia non competitiva, subvención por importe tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidades	Orzamento	Subvención	Fondos propios do Concello/Achegas doutras administracións públicas
2022	230.006,54 €	230.006,54 €	
2023	414.508,95 €	414.508,95 €	-----
Total	644.515,49 €	644.515,49 €	

A concesión da subvención se fixo condicionada a obtención das autorizacións sectoriais de Augas de Galicia, da Axencia Galega de Infraestruturas, Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e máis do Servizo de Mobilidade da Deputación de Pontevedra, e que malia terse pedido en tempo, non constaba aínda no expediente, a súa efectiva obtención. Asemade o Concello postergou a aprobación do proxecto e a remisión da acta de trazado previo á obtención dos permisos anteriormente sinalados.

Mediante rexistros web2022041368 de data 22/07/2022 e web2022041552 de data 26/07/2022, o Concello manifesta que se ve obrigado a reformular o proxecto orixinal ao seguir as prescricións da Dirección Xeral de Patrimonio e da Axencia Galega de Infraestruturas. Emporiso se presenta un novo proxecto técnico que substitúe o que rexeu no seu momento a concesión.



As presentes actuacións contan co informe de supervisión favorable do Enxeñeiro do Servizo de Cooperación cos Municipios de data 26/07/2022.

#### Fundamentación xurídica:

##### 1.- Normativa examinada:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Lei 20/2013, de 9 de decembro, de garantía de unidade de mercado.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, e polo que se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

##### II.- Consideracións xurídicas:

##### Instrución do expediente:

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do Servizo de Intervención.





#### Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

#### Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.

#### Resolución do expediente:

- Artigo 16 da ordenanza xeral de subvencións da Deputación que dispón que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, a entidade beneficiaria da subvención poderá solicitar do órgano que as concede a modificación da resolución de concesión, incluídos o prazos de execución e xustificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención ou da axuda pública. A solicitude de modificación deberá estar xustificada, presentándose de forma inmediata á aparición das circunstancias que a motiven e con antelación á finalización do prazo de execución inicialmente concedido, salvo que para as modificacións se fixen outros prazos nas bases reguladoras.
- Base 17ª das reguladoras do Plan Concellos 2022-2023, que regula as modificacións do contido das resolucións ou acordos de concesión. A solicitude deber presentarse antes de que finalice o prazo de realización do investimento ou actuación obxecto de subvención e sempre que non se prexudiquen dereitos de terceiros.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e as bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, e vistos o informe do Enxeñeiro de Cooperación, de data 26/07/2022, e da Xefa do



Servizo de Cooperación de data 26/07/2022 que conclúen favorablemente o cambio do proxecto do investimento, e do informe da Intervención provincial, de data 27/07/2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Autorizar o cambio de proxecto técnico que figura no expediente núm. 202201148 constando en dito expediente o acordo da Xunta de Goberno núm. 6.31882, do día 23/06/2022, polo que se concede ao concello de Ponte Caldelas, CIF P3604300H, a cantidade de 644.515,49 euros con destino ao financiamento do investimento “EXECUCIÓN DE OBRAS DE MELLORA EN DIVERSOS VIARIOS MUNICIPAIS DE PONTE CALDELAS” (expediente 202201148).
- O novo proxecto presentado non modifica o orzamento orixinal, nin altera o obxecto nin a finalidade do investimento e co mesmo non se prexudica dereitos de terceiros.
- A modificación da resolución de concesión da presente subvención, ao igual que a concesión, queda condicionada á obtención das autorizacións e permisos necesarios para executar as obras así como á obtención das autorizacións e permisos necesarios para executar as obras, así como á presentación do acordo de aprobación do proxecto e da acta de trazado previo (anexo III) debidamente cumprimentada, sendo imprescindible que os remita á Deputación xunto coa primeira xustificación da axuda económica.
- O resto do Acordo da Xunta de Goberno núm. 6.31882, do día 23/06/2022, permanecerá invariable.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Ponte Caldelas*, Intervención, Servizo de Cooperación e ó Gabinete da Presidencia.

22.32022.- MODIFICACIÓN DO ACORDO DE CONCESIÓN DUNHA AXUDA AO CONCELLO DO ROSAL AO ABEIRO DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2022-2023, CORRESPONDENTE Á LIÑA 3: EMPREGO PARA CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS (EXPTE. 2022002524)

En relación á petición presentada polo Concello do Rosal, CIF núm. P3604800G, para modificar o acordo de concesión dunha axuda ao abeiro das bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, no marco da Liña 3: emprego para conservación e funcionamento de bens e servizos municipais – aprobada por acordo da Xunta de Goberno do 28 de xaneiro de 2022, punto núm. 13.31198, emito o seguinte informe:

Antecedentes:

Primeiro.- O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión extraordinaria do día 26/11/2021, punto núm. 9.7707, aprobou as “Bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023”, que recolle os procedementos para conceder subvencións aos





concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito de ata 50.000 habitantes, para financiar actuacións e investimentos que teñan encaixe nas diferentes Liñas do Plan. As propostas deben estar relacionadas coas materias que os municipios exercen como competencias propias ou, en todo caso, as atribuídas por delegación, de conformidade co artigo 7 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. Ditas bases foron publicadas no BOPPO nº 230 de 27/11/2021 e o extracto da convocatoria publicouse no BOPPO nº 230 do 27/11/2021.

Segundo.- Á vista da documentación obrante nos expedientes de subvención e dos informes da xefa do Servizo de Cooperación e do Servizo de Intervención, mediante acordo da Xunta de Goberno do 28 de xaneiro de 2022, punto núm. 13.31198, aprobouse a concesión dunha axuda ó abeiro do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023 correspondente á Liña 3: Emprego para Conservación e Funcionamento de Bens e Servizos Municipais, mediante o procedemento de concorrencia non competitiva, con cargo á aplicación 2022/942.9425.462.03 do vixente Orzamento Provincial.

Terceiro.- No caso do Concello do Rosal, concedéuselle unha axuda conforme á seguinte táboa:

CONCELLO DO ROSAL				
LIÑA 3: importe máximo que se podería destinar a esta liña				130.730,19 €
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
14	5 oficiais de obras, 1 oficial electricista, 6 peóns de limpeza viaria e roza forestal, 1 operario/a de maquinaria forestal e 1 auxiliar de axuda no fogar a tempo completo durante 6 meses	133.108,52 €	3.129,56 €	129.978,96 €

Cuarto.- Non obstante, o concello, mediante escrito presentado no rexistro xeral da Deputación de Pontevedra núm. WEB2022040111 do 14/07/2022 solicita modificar o acordo de concesión da axuda, motivado polo necesario reaxuste do importe do orzamento e, debido á necesidade de actualizar os importes a pagar aos traballadores para adaptalos ao incremento legal establecido para o ano 2022 e que non foi posible realizar no momento da solicitude.

Fundamentos xurídicos:

- O artigo. 64 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei xeral de subvencións, establece que se poderá autorizar a modificación sempre que non se danen dereitos de terceiros. A solicitude deberá presentarse antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.



- O artigo 11.2.a) da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aplicable de conformidade co disposto na Base 25ª.1ª das do orzamento provincial, dispón que os beneficiarios da subvención quedan obrigados a comunicar calquera eventualidade ou circunstancia que altere ou dificulte o desenvolvemento da finalidade pretendida, co obxecto de que, se se estiman con suficiente antelación, poida procederse á modificación da resolución.
- Base 5.2 do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, que sinala que os concellos poderán destinar a totalidade ou a parte non empregada das liñas 2 e 3 a incrementar o importe da Liña 1. En todo caso, o Concello deberá achegar unha comunicación, asinada polo órgano competente, indicando a cantidade que pretende traspasar das liñas 2 e/ou 3 á Liña 1. Os traspasos entre liñas arriba referidos poden producirse no momento de presentar as solicitudes de subvención, como consecuencia da reformulación ou rexeitamento dunha solicitude ou como consecuencia das modificacións dos acordos ou das resolucións de concesión cando supoñan, dentro da correspondente liña, unha subvención inferior.
- Base décimo sétima do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023 no referente ás modificacións das resolucións de concesión das subvencións, en concordancia co artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, permítese a modificación da resolución de concesión naqueles casos en que se xustifique adecuadamente en base a novas necesidades ou á conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas, se ben as modificacións non deberán supoñer prexuízos a terceiros e deberán solicitarse antes do un de novembro de 2022. A modificación non poderá implicar unha variación económica á alza con respecto á cantidade inicialmente concedida. No caso de supoñer un importe inferior, poderá destinarse a contía sobrante á liña 1.

#### Conclusións:

En base á necesidade de reaxustar e adaptar ás novas circunstancias e necesidades de contratación a solicitude de axuda por mor da necesidade de actualizar os salarios dos traballadores e adaptalos á normativa vixente solicita modificar o orzamento da axuda concedida con respecto á súa petición inicial, conforme á seguinte táboa:

CONCELLO DO ROSAL				
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
14	5 oficiais de obras, 1 oficial electricista, 6 peóns de limpeza viaria e roza forestal, 1 operario/a de maquinaria forestal e 1 auxiliar de axuda no fogar a tempo completo durante 6 meses	138.058,42 €	8.079,46 €	129.978,96 €





A normativa aplicable permite realizar a modificación proposta, xa que consta no expediente a documentación necesaria para a súa válida tramitación, respéctanse os criterios de distribución entre liñas que se establece nas Bases, non se estima que se prexudiquen dereitos de terceiros e solicítase dentro do prazo previsto nas bases. Esta modificación non implica variación económica algunha ó alza da axuda concedida.

Por todo o exposto e a vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables e a súa motivación razoada, e a concorrencia dos requisitos necesarios, INFORMO FAVORABLEMENTE a aprobación da modificación do acordo de concesión da Xunta de Goberno do día 28 de xaneiro de 2022, punto núm. 13.31198, no referente á axuda concedida ó Concello do Rosal, CIF núm. P3604800G, da maneira que segue:

CONCELLO DO ROSAL				
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
14	5 oficiais de obras, 1 oficial electricista, 6 peóns de limpeza viaria e roza forestal, 1 operario/a de maquinaria forestal e 1 auxiliar de axuda no fogar a tempo completo durante 6 meses	138.058,42 €	8.079,46 €	129.978,96 €

Non obstante, o presente informe non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio.

Réxime competencial:

En virtude do establecido no artigo 16.4 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, na base 16<sup>a</sup>.2 c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.



En consecuencia, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Modificar o acordo de concesión da Xunta de Goberno do día 28 de xaneiro de 2022, punto núm. 13.31198, no referente á axuda concedida ó Concello do Rosal, CIF núm. P3604800G, que queda como segue:

CONCELLO DO ROSAL				
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
14	5 oficiais de obras, 1 oficial electricista, 6 peóns de limpeza viaria e roza forestal, 1 operario/a de maquinaria forestal e 1 auxiliar de axuda no fogar a tempo completo durante 6 meses	138.058,42 €	8.079,46 €	129.978,96 €

Esta modificación respecta os criterios establecidos nas bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, Liña 3: Emprego para Conservación e Funcionamento de Bens e Servizos Municipais, e non se estima que produza prexuízo a dereitos de terceiros, se ben unha vez aprobada polo órgano competente, o concello deberá tramitar a solicitude de aboo dos anticipos correspondentes e da xustificación conforme ás novas condicións da subvención reformulada.

Esta subvención imputarase con cargo á aplicación orzamentaria 2022/942.9425.462.03.

2. Darlle traslado do acordo ó Concello, á Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.

23.32023.- MODIFICACIÓN DO ANEXO I DO ACORDO REGULADOR DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS NA ESCOLA INFANTIL 0-3 ANOS DO CENTRO PRÍNCIPE FELIPE. (EXPTE. 2022047455)

A Xefa de Xestión, o Director Xerente e a Deputada Delegada do Centro Príncipe Felipe, con data 18 de xullo de 2022, efectúan unha proposta para modificación do Anexo I do Acordo regulador do prezo público polos servizos que se prestan na Escola Infantil 0-3 anos do Centro Príncipe Felipe e que afecta as tarifas por prestación do servizo de asistencia educativa e comedor.

Resultando que o obxecto desta proposta de modificación é para introducir unha maior desagregación nos tramos tarifarios empregando os mesmos niveis aplicados pola administración autonómica e establecendo novos importes para cada tramo, con gratuidade total (sen e con servizo





de comedor) no primeiro tramo e parcial (sen servizo de comedor) no segundo tramo, correspondente en ambos casos con unidades familiares de menor capacidade económica (inferior ao 50% do IPREM). Así mesmo, prevese a posibilidade de aplicación de cotas gratuítas no servizo de atención educativa, no suposto de adhesión da entidade xestora a posibles convocatorias que cubran os custes da aplicación das bonificacións aplicadas.

Resultando que a Intervención Provincial emite informe con data de 18 de xullo de 2022 favorable á citada proposta de modificación do Anexo I do Acordo regulador do prezo público polos servizos que se prestan na Escola Infantil 0-3 anos do Centro Príncipe Felipe.

Considerando que de conformidade co disposto no artigo 47 do Real decreto legislativo 2/2004 polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais corresponde ao Pleno da Corporación o establecemento ou modificación dos prezos públicos, sen prexuízo das facultades de delegación na Xunta de Goberno tal como figura no acordo de delegación de competencias plenarias na Xunta de Goberno Provincial de data 30/12/1992 (BOP nº 14, 22/01/1993).

A Xunta de Goberno de conformidade co ditame favorable da Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, acorda por unanimidade:

Primeiro. Aprobar a modificación do anexo I do Acordo regulador dos prezos públicos polos servizos que se prestan na Escola Infantil “Príncipe Felipe”, que queda redactado como segue:

1. Prezos pola asistencia educativa en xornada completa e comedor da Escola Infantil 0-3 anos Príncipe Felipe, importe mensual en euros:

Prezos pola asistencia educativa en xornada completa da Escola Infantil Príncipe Felipe 0-3 anos, importe mensual en euros	Atención educativa sen comedor	Atención educativa con comedor
Inferior ao 30 % do IPREM	0,00 €	0,00 €
Entre o 30 % do IPREM e inferiores ao 50 % do IPREM	0,00 €	16,50 €
Entre o 50% do IPREM e inferiores ao 75% do IPREM	43,10 €	63,85 €
Entre o 75% do IPREM e inferiores ao 100% do IPREM	86,20 €	111,20 €
Entre o 100% do IPREM e inferiores ao 125% do IPREM	116,20 €	155,20 €



Entre o 125% do IPREM e inferiores ao 150% do IPREM	146,20 €	199,20 €
Entre o 150% do IPREM e o 200% do IPREM	163,20 €	224,70 €
Superiores ao 200 % do IPREM	180,20 €	250,20 €

No caso de que a entidade que xestiona a Escola Infantil 0-3 Príncipe Felipe, se adhira a posibles convocatorias na que se estableza a bonificación do concepto atención educativa, resultará de aplicación a seguinte tarifa:

Prezos pola asistencia educativa en xornada completa da Escola Infantil Príncipe Felipe 0-3 anos, importe mensual en euros	Sen servizo de comedor	Con servizo de comedor
Inferior ao 30 % do IPREM	0,00 €	0,00 €
Entre o 30 % do IPREM e inferiores ao 50 % do IPREM	0,00 €	16,50 €
Entre o 50% do IPREM e inferiores ao 75% do IPREM	0,00 €	20,75 €
Entre o 75% do IPREM e inferiores ao 100% do IPREM	0,00 €	25,00 €
Entre o 100% do IPREM e inferiores ao 125% do IPREM	0,00 €	39,00 €
Entre o 125% do IPREM e inferiores ao 150% do IPREM	0,00 €	53,00 €
Entre o 150% do IPREM e o 200% do IPREM	0,00 €	61,50 €
Superiores ao 200 % do IPREM	0,00 €	70,00 €

As cotas bonificadas serán de aplicación para o curso 2022/2023.

A diminución dos ingresos será por conta da entidade que xestiona a Escola Infantil 0-3 Príncipe Felipe, condicionándose a eficacia do acordo á incorporación ao expediente da conformidade da entidade adxudicataria á aplicación das mesmas nos termos referidos.

## 2. Prezo por servizos complementarios:

Servizos complementarios	Prezo
Comedor por días soltos; No caso de nenos/as que non utilicen habitualmente o servizo de comedor, e que excepcionalmente por motivos xustificadas desexen utilizalo algún día solto	4,00€/día
Horario ampliado (hora extraordinaria): con carácter excepcional poderase ampliar a xornada sempre que se acredite a necesidade	20,00€/ hora

Segundo.- Dispor a publicación da modificación acordada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra que entrará en vigor a partir do día seguinte ao da data da súa publicación.





24.32024.- AMPLIACIÓN DA BOLSA DE MOBILIDADE AOS PARTICIPANTES DO PROXECTO ERASMUS+PRACTICUM DEPO 2021 (1ªMOBILIDADE) (EXPTE. 2021060768)

O 25 de marzo de 2021 publicouse a convocatoria de propostas 2021 do programa ERASMUS+ (EAC/A01/2021, Diario Oficial da Unión Europea 2021/C103/11 aprobada pola Dirección do Servicio Español para la Internacionalización de la Educación (SEPIE), ao abeiro do Regulamento (UE) N° 2021/817 do Parlamento Europeo e do Consello de data 20 de maio do 2021, pola que se establece o programa “ERASMUS+”, programa de educación, formación, xuventude e deporte da Unión Europea.

O día 14/05/2021 a Deputación de Pontevedra presentou o proxecto denominado “PRACTICUM DEPO 2021” (ID do formulario: KA121-VET-0706FEE4) dentro da acción clave 1 (KA1) “Movilidade das persoas por motivo de aprendizaxe” que ten as seguintes características:

Obxectivo global: levar a cabo un programa de mobilidade de estudantes graduados de Formación Profesional de ciclos medios pertencentes a distintas familias profesionais co fin de colaborar na súa integración no mundo laboral, a través de prácticas laborais en empresas e institucións estranxeiras.

N° participantes: 90 estudantes graduados de Formación profesional de ciclos medios pertencentes a distintas familias profesionais, 9 docentes dos centros participantes, correspondentes a persoal para a formación e 1 visita preparatoria.

Duración e prazo de desenvolvemento do programa: 15 meses (dende o 1 de setembro de 2021 ata ao 30 de novembro de 2022) con posible ampliación a 24 meses mediante solicitude aos 12 meses. Estímase que as estadias dos estudantes faranse ao longo de varios períodos a concretar.

Ámbito de actuación do proxecto: Alemaña, Bélxica, Finlandia, Francia, Grecia, Irlanda, Italia, Islandia, Malta, Países Baixos, Polonia, Portugal e Romanía.

Non obstante o anterior, as persoas beneficiarias poderán realizar a mobilidade nun dos países do programa Erasmus+ distinto aos contemplados no ámbito de actuación do proxecto. Isto inclúe países pertencentes á Unión Europea (Austria, Bélxica, Bulgaria, Chipre, Croacia, República Checa, Dinamarca, Eslovaquia, Eslovenia, Estonia, Francia, Hungría, Letonia, Lituania, Luxemburgo, Polonia, Romanía e Suecia) así como países non pertencentes á mesma (República de Macedonia do Norte, Islandia, Liechtenstein, Noruega, Turquía e Serbia, entre outros).

A Dirección do Servicio Español para la Internacionalización de la Educación (SEPIE), emitiu resolución de data 21 de outubro de 2021 pola que se publican os listados de solicitudes seleccionadas, en lista de reserva, rexeitadas e excluídas de Proxectos de Mobilidade das persoas por motivos de



aprendizaxe, Acción Clave 1, correspondentes á Convocatoria de Propostas do programa Erasmus+ 2021, concedendo unha axuda para a realización do proxecto “PRACTICUM DEPO 2021” por importe de 911.037,00 euros.

Trátase dun proxecto plurianual (2021-2023) e para a anualidade 2021 realizáronse as operacións de xeración de crédito polo importe da subvención concedida polo SEPIE para ese exercicio e por parte do financiamento propio realizáronse as correspondentes operacións de modificación de crédito, comprometéndose a Deputación de Pontevedra ao financiamento do importe da anualidade do proxecto.

O prazo establecido para levar a cabo este proxecto é de 15 meses (dende o 1 de setembro de 2021 ata ao 30 de novembro de 2022) con posible ampliación a 24 meses mediante solicitude aos 12 meses.

Con data 20/12/2021, a Deputación asinou co SEPIE o convenio a través do cal se acepta a subvención concedida e se asume o compromiso de executar o proxecto nos termos e condicións establecidos.

De acordo co previsto na memoria do proxecto en cada un dos Centros de Formación Profesional constituíuse un Comité de Mobilidade, encargado da selección dos alumnos participantes, concreción do país de destino e data de inicio da prácticas.

Á súa vez, a Deputación creou o comité de mobilidade para o asesoramento en materia xerais relativas á mobilidade do PRACTICUM DEPO 2021, así como calquera outra necesidade e imprevisto relacionado coas prácticas.

Partindo das propostas, dos Centros de Formación Profesional e do Comité de mobilidade da Deputación, os alumnos distribuíranse en varias quendas:

- O primeiro grupo comprende un total de 31 alumnos que iniciaron a mobilidade en marzo do 2022 con destino Italia, Portugal, Malta, Irlanda e Países Baixos.
- O segundo grupo comprende un total de 10 alumnos que iniciarán a mobilidade en xullo do 2022 con destino Italia, Portugal e Francia.
- Os seguintes grupos comprenderán un número indeterminado de alumnos (a concretar en próximas reunións do consorcio) que iniciarán a mobilidade en outubro de 2022.

Na guía de programa Erasmus do SEPIE (páxina 294) e na cláusula 2.4 de convenio de subvención asinado polo participante e a Deputación de Pontevedra, ofrécese a posibilidade de ampliación da mobilidade sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

- A duración máxima da mobilidade incluíndo a prórroga non poderá ser superior a 12 meses.
- A solicitude de ampliación da duración da estancia deberá enviarse á institución polo menos un mes antes do remate do período de mobilidade.





- ☐ A prórroga deberá ser inmediata ao período da mobilidade en curso
- ☐ Antes de que remate o período de mobilidade previsto inicialmente, se deberá firmar un novo convenio coas datas da prórroga e o importe da subvención correspondente a dito período calculados segundo a táboa de módulos do SEPIE.
- ☐ O aboo da bolsa da prórroga terá que ser anterior ao inicio da mesma.

Con data 11 de marzo de 2022, a Xunta de Goberno en sesión ordinaria adoptou entre outros o seguinte acordo: 17.31433.- *ADXUDICACIÓN DE BOLSAS DE MOBILIDADE AO ALUMNADO PARTICIPANTE NO PROXECTO ERASMUS+ PRACTICUM DEPO 2021 (1ª MOBILIDADE\_Nº expediente 2021060768).*

Con data 23 de maio ofreceuse aos beneficiarios da 1ª mobilidade ampliar voluntariamente a súa mobilidade, solicitando confirmación a través de correo electrónico. Os participantes Dana Álvarez Fernández (DNI. 39494149K), Diego Meijide Gómez (DNI. 45909097Q) e Marta Arís Martín (DNI. 35631336N) solicitaron ampliar a súa estancia conforme ao detalle seguinte:

Participante	Sector	Centro formación	Destino	Data de inicio ampliación	Data de fin ampliación	Total días	Total ampliación
Dana Álvarez Fernández	Actividades físico deportivas no medio natural	IES de Poio	Italia	14/09/2022	30/11/2022	78	3.035,00€
Diego Meijide Gómez	Actividades físico deportivas no medio natural	IES Pintor Colmeiro	Malta	29/07/2022	30/11/2022	125	5.000,00€
Marta Aris Martín	Actividades físico deportivas no medio natural	IES de Poio	Italia	04/10/2022	30/11/2022	58	2.235,00€
							10.270,00€

O importe das bolsas vén determinado polo país de destino e os días de estancia, calculados en cada caso segundo a táboa de módulos do SEPIE.

A axuda financeira farase efectiva previa aceptación por parte do interesado das cantidades asignadas en concepto de axuda individual co compromiso de cumprir cos obxectivos do programa e destinalos aos fins que se determinan mediante a sinatura do convenio de subvención.

Esta ampliación beneficia tanto as persoas beneficiarias das prácticas que poden seguir aprendendo e traballando na empresa estranxeira como ao consorcio do Practicum Depo 2021 cun maior porcentaxe de execución do orzamento do proxecto



Para tal finalidade, deberá realizarse unha nova adxudicación complementaria relativa ao tempo a maiores que os participantes prolongarán a súa estancia.

Con data 15 de xullo de 2022 emitíuse informe – proposta para a ampliación da bolsa de mobilidade aos participantes do proxecto Erasmus+ Practicum Depo 2021 (1ª mobilidade) asinado polo xefe do servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local e a Deputada Delegada.

Con data 22 de xullo de 2022 Intervención emitiu informe de fiscalización favorable para a ampliación da bolsa de mobilidade aos participantes do proxecto Erasmus+ Practicum Depo 2021 (1ª mobilidade) detalladas anteriormente. A contía ascende a 10.270,00€ que se aboará con cargo á aplicación orzamentaria 22/240.2427.481.01 do proxecto de gasto 2000003\_\_PRACTICUM DEPO 2021.

Normativa aplicable:

Estas axudas axustaranse ao previsto nas Bases reguladoras da concesión da subvención: Convocatoria de propostas 2021 do programa ERASMUS+ (EAC/A01/2021, Diario Oficial da Unión Europea 2021/C103/11), así como ao disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento desta Lei e as Bases número 16 e 24 e seguintes das de execución do orzamento para o ano 2022.

A concesión destas axudas corresponde á Xunta de Goberno en virtude das facultades que lle atribúe a base 16.2ª de Execución do vixente orzamento.

Por todo o exposto, en base aos antecedentes e normativa aplicable a este tipo de axudas, propónse que se acorde a concesión da bolsa de ampliación de mobilidade aos participantes do proxecto Erasmus+ Practicum Depo 2021 (1ª mobilidade) detalladas no anexo, en concepto de axuda por mobilidade.

Para esta ampliación, solicitouse informe de fiscalización pola contía de 10.270,00€ que se aboará con cargo á aplicación orzamentaria 22/240.2427.481.01 do proxecto de gasto 2000003\_\_PRACTICUM DEPO 2021.

A axuda financeira ou parte dela será reembolsada se o participante non cumpre coas súas obrigas. Se o participante rescinde o convenio de participación antes do seu prazo de finalización ou se incumpre o establecido no mesmo, deberá proceder á devolución da cantidade da axuda que se lle aboou.

En caso de rescisión do participante por causas de forza maior, isto é, debido a unha situación ou acontecemento imprevisible e excepcional alieo á vontade do participante e non atribuíble a erro ou negligencia pola súa parte, o participante terá dereito a percibir a contía da axuda correspondente á duración real do período de mobilidade, e calquera fondo restante deberá ser devolto.





Considerando o anterior, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- A concesión da bolsa de ampliación de mobilidade aos participantes do proxecto Erasmus+ Practicum Depo 2021 (1ª mobilidade) detalladas no anexo en concepto de axuda por mobilidade. Para esta ampliación a contía ascende a 10.270,00€ que se aboará con cargo á aplicación orzamentaria 22/240.2427.481.01 do proxecto de gasto 2000003\_\_PRACTICUM DEPO 2021 pertencente ao Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local.

2.- Notificar este acordo ás partes interesadas.

#### ANEXO

Participante	Sector	Centro formación	Destino	Data de inicio ampliación	Data de fin ampliación	Total días	Total ampliación
Dana Álvarez Fernández	Actividades físico deportivas no medio natural	IES de Poio	Italia	14/09/2022	30/11/2022	78	3.035,00€
Diego Meijide Gómez	Actividades físico deportivas no medio natural	IES Pintor Colmeiro	Malta	29/07/2022	30/11/2022	125	5.000,00€
Marta Aris Martín	Actividades físico deportivas no medio natural	IES de Poio	Italia	04/10/2022	30/11/2022	58	2.235,00€
							10.270,00 €

25.32025.- CORRECCIÓN DE ERRO NO ACORDO ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO NA SESIÓN ORDINARIA DO 15/07/2022 (Nº19.31975) RELATIVO Á DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA Á UTE ARINES OBRAS Y PROYECTOS S.L.- MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROUSA S.L. EN RELACIÓN A EXECUCIÓN DA OBRA “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL E.P. 0601 PORTOSANTO-CAMPELO-C550 CORRESPONDENTE CO P.Q. 0+000 ATA O ENTORNO DA BAIXADA CARA O PORTO DE CAMPELO NO P.Q.1+730 (POIO) (EXPTE. 2018039773) (DEVOGARAN. 2022036367).

A Xunta de Goberno, na sesión celebrada o día 15 de xullo de 2022, acordou a “Devolución Garantía definitiva á entidade mercantil UTE ARINES OBRAS Y PROYECTOS S.L.- MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROUSA S.L. para responder do contrato relativo a “Mellora da mobilidade peonil E.P. 0601 Portosanto-Campelo-C-550 correspondente co P.Q. 0+000 ata o entorno da baixada cara o Porto de Campelo no P.Q. 1+730 (Poio)” (DEVOGARAN. 2022036367)”



Resultando que con data 19/07/2022, o Interventor emite informe no que detecta o seguinte erro no acordo: “*A garantía definitiva constituída en valores mediante aval de ABANCA, debería dicir.... A garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de SOLUNIÓN SEGUROS*”

Considerando que as administracións públicas poden rectificar en calquera intre, de oficio, os erros existentes nos seus actos, segundo o disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade rectificar o devandito acordo no seguinte sentido:

Onde di :

*“A garantía definitiva constituída en valores mediante aval de ABANCA pola empresa Movimiento de Áridos y Construcciones de Arousa, S.L., por importe de 27.373,37 €, que foi depositada na Tesourería Provincial o 28/2/2019, segundo mandamento de ingreso con número de operación 201900038391.”*

Debe dicir:

*A garantía definitiva constituída en valores mediante aval de SOLUNIÓN SEGUROS pola empresa Movimiento de Áridos y Construcciones de Arousa, S.L., por importe de 27.373,37 €, que foi depositada na Tesourería Provincial o 28/2/2019, segundo mandamento de ingreso con número de operación 201900038391.*

26.32026.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

27.32027.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar pola Sra. Presidenta, sendo as dez horas e quince minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina a Ilma. Sra. Presidenta, comigo, o Secretario que dou fe.

